



Plan de mellora Programa de ampliación

Lingua 5

O caderno de Ensinanza individualizada de Lingua, para quinto curso de Primaria, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Antonio Brandi Fernández** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

TEXTO

Xema Avellán Bisbal
Anxos Campos González
Paula Fernández Seoane
Xoán López Bendaña
Roxelio Sarriá Batlle
Begoña Soler Soriano
Amparo Tortosa Sanz

ILUSTRACIÓN

Toni Cabo

EDICIÓN

Paula Fernández Seoane

EDICIÓN EXECUTIVA

Amparo Tortosa Sanz
Afonso Toimil Castro

DIRECCIÓN DO PROXECTO

Ana María Guerra Cañizo

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL DE PRIMARIA

Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero

Presentación

A ensinanza individualizada

A ensinanza individualizada promove que cada alumno ou alumna traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Para iso, é importante establecer un plan que o axude a superar as dificultades que atope, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Este tipo de ensinanza baséase, pois, no uso dunha metodoloxía flexible e das técnicas e recursos educativos que mellor se adaptan ás necesidades particulares dos alumnos. Entre outras cousas, require dispoñer de materiais didácticos específicos que poidan ser utilizados en función das condicións concretas en que se desenvolve a aprendizaxe de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se persigan en cada caso.

Desde esta perspectiva, a **Biblioteca do profesorado** do proxecto **Saber facer** ofrece unha serie de materiais destinados a facilitar esa tarefa. Entre eles están:

- A serie **Aprendizaxe eficaz**, que nos primeiros cursos de Primaria traballa as habilidades básicas –atención, memoria e razoamento– e as dificultades de aprendizaxe, e a partir do 4.º curso aborda o adestramento nas técnicas de estudo.
- O conxunto de materiais denominado **Recursos complementarios**, que contén seccións variadas para cada unha das áreas do currículo, co fin de que o profesorado seleccione en cada caso as fichas que considere oportuno traballar.
- E, por último, este caderno, denominado **Ensinanza individualizada**, que inclúe, para cada unidade didáctica do libro do alumno, dous apartados:
 - Un **Plan de mellora**, composto por fichas de traballo destinadas aos alumnos e alumnas que necesiten un reforzo para afianzar os principais contidos da unidade e para exercitar as competencias.
 - Un **Programa de ampliación**, composto tamén por fichas concibidas para permitir que os alumnos afonden en determinados contidos, amplíen os seus coñecementos e poñan en xogo as competencias adquiridas.

Índice

PLAN DE MELLORA

Unidade 1

1. A comunicación..... 9
2. Os sons K, Z e G. A diérese 10
3. Os animais. O dicionario 11

Unidade 2

1. A linguaxe e as linguas 12
2. Os sons R forte e R suave 13
3. As plantas. Palabras sinónimas 14

Unidade 3

1. O substantivo 15
2. Signos que pechan oracións 16
3. A paisaxe. Palabras antónimas 17

Unidade 4

1. Os pronomes persoais 18
2. Contraccións dos pronomes persoais... 19
3. As xoias. Palabras polisémicas 20

Unidade 5

1. Os determinantes. O artigo..... 21
2. Escritura de contraccións 22
3. O circuito eléctrico. Palabras
homónimas 23

Unidade 6

1. Os demostrativos e os posesivos 24
2. Sílabas tónicas e acento gráfico 25
3. O espazo. Sentido literal
e sentido figurado 26

Unidade 7

1. Os numerais e os indefinidos 27
2. Normas de acentuación 28
3. A Terra. O campo léxico 29

Unidade 8

1. O adxectivo: graos 30
2. Acentuación de ditongos e hiatos..... 31
3. O relevo. Familia de palabras 32

Unidade 9

1. O verbo (I)..... 33
2. O acento diacrítico 34
3. O tempo. Palabras primitivas e derivadas..... 35

Unidade 10

1. O verbo (II)..... 36
2. A coma..... 37
3. O parque acuático. Palabras simples e compostas 38

Unidade 11

1. O verbo (III) 39
2. O punto e coma 40
3. O centro comercial. A prefixación 41

Unidade 12

1. O adverbio..... 42
2. A partición de palabras. O guión..... 43
3. A tenda de antigüidades. A sufixación 44

Unidade 13

1. As preposicións, as conxuncións e as interxeccións..... 45
2. A raia e as parénteses 46
3. O poboado prehistórico. Os sufixos diminutivos 47

Unidade 14

1. O grupo nominal..... 48
2. Os dous puntos..... 49
3. A casa romana. Os sufixos aumentativos..... 50

Unidade 15

1. A oración. O texto 51
2. Os puntos suspensivos 52
3. O torneo. Os xentilicios..... 53

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Unidade 1 56

Unidade 2 58

Unidade 3 60

Unidade 4 62

Unidade 5 64

Unidade 6 66

Unidade 7 68

Unidade 8 70

Unidade 9 72

Unidade 10 74

Unidade 11 76

Unidade 12 78

Unidade 13 80

Unidade 14 82

Unidade 15 84

Solucionario 86



PLAN DE MELLORA

1

A comunicación

Nome _____ Data _____

1 Indica que se usa en cada caso: a linguaxe, un sinal visual, un sinal acústico ou un xesto.



2 Relaciona cada concepto coa súa definición.

- | | |
|------------|--|
| Emisor • | • Aquilo que se comunica. |
| Receptor • | • Persoa que emite a mensaxe. |
| Mensaxe • | • Conxunto de signos usados para comunicarse. |
| Código • | • Medio a través do cal se produce a comunicación. |
| Canle • | • Persoa que recibe a mensaxe. |

3 Analiza os elementos que interveñen nesta situación de comunicación.



- Emisor ► _____
- Receptor ► _____
- Mensaxe ► _____
- Código ► _____ • Canle ► _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

A **comunicación** é o proceso mediante o cal transmitimos e recibimos información.

A comunicación pode ser **verbal** ou **non verbal**. Na comunicación verbal utilizamos a **linguaxe** para comunicarnos. Na comunicación non verbal utilizamos os **xestos**, os **sinais visuais** e os **sinais acústicos** ou **sons**.

Os elementos da comunicación son o **emisor**, o **receptor**, a **mensaxe**, o **código** e a **canle**.

Nome _____ Data _____

1 Arrodea de vermello as palabras co son **K** de casa e de azul as que teñen o son **Z** de cereixa.

- cebola
- coma
- esquí
- acivro
- mazá
- pozo
- cornecho
- vez
- queixo
- xuíz
- camisa
- azul

2 Completa con **g, gu** ou **gü**; **c** ou **z**; e **c** ou **qu**.

___ereixas



bar___a



___itarra




___iosco



can___uro



es___elete



tartaru___a



___ulleres



formi___as



pin___ín



ra___eta



bu___ina



a___ucre



lin___eta



___aba___a

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

- Para representar o son **K** escríbese **c** diante de **a, o, u** e **qu** diante de **e, i**.
- Para representar o son **Z** escríbese **z** diante de **a, o, u** e **c** diante de **e, i**.
- Para representar o son **G** escríbese **g** diante de **a, o, u** e **gu** diante de **e, i**.
- Ponse diérese (¨) enriba do **u** dos grupos **güe, güi** para indicar que o **u** se pronuncia.

1

Os animais. O dicionario

Nome _____ Data _____

1 Observa a ilustración e subliña as oracións correctas. Presta atención ás palabras destacadas.



- A **cerva** protexe o **becerro**.
- O **lobo** ensínalle a cazar ao **lobeto**.
- Un **rabaño** de **abellas** voa preto da colmea.
- Unha **bandada** de **paxaros** voa cara ao sur.

2 Escribe de forma axeitada as oracións incorrectas da actividade anterior.

- _____
- _____

3 Escribe as palabras seguintes na mesma orde en que aparecen no dicionario.

cervato	enxame	ouveo	ra	rato	ovella	bear	croar
---------	--------	-------	----	------	--------	------	-------

- | | | | |
|----------|----------|----------|----------|
| 1. _____ | 2. _____ | 3. _____ | 4. _____ |
| 5. _____ | 6. _____ | 7. _____ | 8. _____ |


4 Indica con que forma aparecen estas palabras no dicionario.

- | | | |
|--------------------|--------------------|--------------------|
| • xirafas ▶ _____ | • acababa ▶ _____ | • bonitas ▶ _____ |
| • escuros ▶ _____ | • dátiles ▶ _____ | • cantarei ▶ _____ |
| • vistosas ▶ _____ | • parrulos ▶ _____ | • ofrecía ▶ _____ |

Nome _____ Data _____

1 Le estas oracións e marca as que sexan verdadeiras.

- A linguaxe é o único medio de comunicación dos humanos.
- A linguaxe pode ser oral ou escrita.
- Ningún ser humano emprega a linguaxe.
- As palabras *lingua* e *linguaxe* son sinónimas.
- No mundo fálanse moitas linguas diferentes.

**2** Indica que tipo de linguaxe se emprega en cada caso: oral ou escrita.

3 Escribe o nome de tres linguas que se falen en cada lugar.

En España

En Europa



No resto do mundo

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

A **linguaxe** é un sistema de comunicación que consiste na combinación dunhas palabras con outras para formar mensaxes. A linguaxe pode ser **oral** ou **escrita**.

A **lingua** está formada por un conxunto de sons e palabras, e por unha serie de regras para combinalos. Todos os seres humanos utilizan a linguaxe, pero cada comunidade de falantes emprega unha lingua distinta: inglés, chinés...

Nome _____ Data _____

1 Marca en cada caso a palabra que está ben escrita. Despois, subliña as que teñen o son R forte. rradio pera roda parraugas carroza radio perra rroda paraugas carozza**2** Relaciona cada palabra coa descrición axeitada.

- | | |
|-------------|--|
| terror • | • Ten o son R forte ao comezo. |
| parra • | • Ten o son R forte entre vogais e o son R suave ao final. |
| reflexo • | • Ten dúas veces o son R suave. |
| moreira • | • Ten unha vez o son R forte e dúas veces o son R suave. |
| enroscado • | • Ten o son R forte entre vogais. |
| respirar • | • Ten o son R forte detrás de consoante. |

3 Completa as palabras destas oracións con *r* ou *rr*.

- Os ca___acois come___on as plantas de Mau___o.
- A B___ais ___ecejá___onlle un xa___ope pa___a a go___xa.
- Fa___uco semp___e so___í cando camiña pola ___úa.
- Hen___ique é unha pe___soa moi aleg___e.

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrige as actividades anteriores.O **r** pode representar un son forte (*rico*) ou un son suave (*cara*).

- Para representar o son **R forte**, escíbese **r** ao principio de palabra e detrás de consoante, e escíbese **rr** entre vogais.
- Para representar o son **R suave**, escíbese sempre **r**.

Nome _____ Data _____

1 Relaciona. A que categoría pertence cada elemento?

ourego

toxo

tomiño

bidueiro

xesta

álamo

ÁRBORE

HERBA

ARBUSTO

fiúncho

carrasca

macela

ciprés

silva

sobreira

2 Completa coa palabra que corresponda en cada caso.

- Un salgueiral é un terreo poboado de _____.
- Unha _____ é un terreo poboado de carballos.
- Un _____ é un terreo poboado de faias.
- Un piñeiral é un terreo poboado de _____.

faial
piñeiros
carballeira
salgueiros



3 Marca a afirmación correcta.

A amora é o froito do tomiño.

A amora é o froito da silva.

4 Copia as oracións cambiando cada palabra destacada por un sinónimo do cadro.



amieiro sanxoáns camiñada descubrín


- Hoxe **atopei** un niño de pardais nun **ameneiro**.

- Fixen unha **andaina** polo campo e collín **estalotes**.



Nome _____ Data _____

1 Arrodea os substantivos de cada oración e indica o seu xénero e o seu número.

- Na miña clase hai dez rapaces e catorce rapazas.


- Hai unhas nubes moi negras sobre as montañas.

- Miña irmá regaloume un libro que ten moitos contos.

2 Escribe un nome común (C) e un propio (P) para cada ilustración.



C ► _____
P ► _____



C ► _____
P ► _____



C ► _____
P ► _____

3 Arrodea os substantivos colectivos.

- equipo • bosque • moscas • folla • bandada
- arboredo • gato • orquestra • amigos • tecla

4 Risca os tres substantivos que non son abstractos.

home tristeza alegría empanada esperanza mar

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **substantivos** son palabras que nomean persoas, animais, cousas, ideas ou sentimentos. Os substantivos teñen **xénero** (**masculino** ou **feminino**) e **número** (**singular** ou **plural**). Os substantivos poden ser **comúns** ou **proprios**, **individuais** ou **colectivos** e **concretos** ou **abstractos**.

Nome _____ Data _____

1 Arrodea de azul os puntos e seguido, de verde os puntos e á parte e de vermello o punto final.

O niño

Onte vin un niño nunha árbore. Era pequeno e redondiño.
Semellaba unha maraña de ramiñas con plumas enganchadas.

Eu quixen collelo para ensinárllelo aos amigos, pero miña nai non me deixou. Ela dixo que algunha ave dedicara moito tempo e esforzo a construílo e que seguro que ese mesmo paxaro, ou outro, aproveitarían o niño máis dunha vez.

Quizais teña razón. Na primavera, cando os paxaros se volvan emparellar, irei ver se o niño está ocupado.



2 Copia este texto cos puntos e as maiúsculas necesarios. Obterás catro oracións.

Ana e mais eu estamos xuntas na clase ela ten os ollos verdes e o pelo negro e liso é moi simpática e divertida ademais, sempre me axuda cando non entendo algunha cousa

3 Escribe os signos de puntuación que faltan nestas oracións.

• Que calor vai hoxe

• Quen che deu este papel

• Mariña ten unha letra moi bonita

• A cova é moi escura. Que medo dá

• Cando vas vir xogar á pelota

• Creo que aquela é a túa curmá Uxía

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.


Para indicar que unha oración acaba, utilízanse diversos signos de puntuación.

- Ao final das oracións en que se afirma ou se nega algo, escríbese un **punto** (.).
- Ao final das oracións en que se pregunta algo, escríbese un **signo de interrogación** (?).
- Ao final das oracións en que se expresa sorpresa, admiración, medo, etc., escríbese un **signo de admiración** (!).

Nome _____ Data _____

1 Busca o nome de cinco elementos da paisaxe e cópialos onde corresponda.

S	X	Q	E	T	U	E
E	B	A	G	R	E	U
R	O	C	R	B	N	L
R	S	Z	L	A	G	O
A	Q	C	B	Í	O	O
L	U	T	B	A	U	Z
A	E	X	L	N	E	E
Z	X	V	B	E	G	U
R	Í	O	N	S	D	V




- _____: extensión de auga doce rodeada de terra.
- _____: terreo poboado de árbores.
- _____: curso natural de auga doce.
- _____: entrada do mar na costa.
- _____: sucesión de montañas máis ou menos aliñadas.

2 Completa coa calidade axeitada en cada caso.



abrupto • empinado • frondoso • profundo

- un bosque _____
- un lago _____
- un acantilado _____
- un camiño _____



3 Relaciona cada palabra coa súa antónima.

mesto

vasto

elevado

escarpado

ascensión

chairo

raro

descenso

pequeno

baixo

Nome _____ Data _____

1 Subliña de vermello os pronomes persoais tónicos e de verde os átonos.

- María quere que lle faga unha coleta coma a que levo eu.
- A nós gústanos moito ir á montaña.
- Eles chegaron tarde ao concerto porque se perderon.
- Vós anotástesvos para a excursión do sábado?
- Brais sempre di que a el non lle dá medo nada.



2 Substitúe as palabras destacadas por pronomes tónicos.

- **Iria e Noa** chegaron antes ca **ti e Antón**.

- **Alberte e mais eu** fomos ao río con **Xacobe e Breixo**.

- **Cibrán** non pode vir se **Paula** non o trae.

3 Reescribe as oracións substituindo as palabras destacadas por pronomes átonos pegados ao verbo.

- Celso aprobou **o exame**. ▶ _____
- Atoparás **as curmás** no parque. ▶ _____
- Pregunta **aos rapaces** se veñen. ▶ _____
- Comprarei **os tomates** despois. ▶ _____



REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **pronomes persoais** son as palabras que serven para nomear os seres ou os obxectos sen utilizar substantivos.

Hai pronomes de **primeira**, de **segunda** e de **terceira persoa**.

Os pronomes persoais poden ser **tónicos** ou **átonos**. Os pronomes tónicos poden aparecer sós, mentres que os átonos sempre van a carón dun verbo.

Nome _____ Data _____

1 Copia as oracións substituíndo as palabras destacadas polas contraccións axeitadas.

- Nos premios anuais non se esqueceron **dos voluntarios da terceira idade**.

- Confío **en Antón e en Lois**; seguro que o han facer ben.

- Despediuse **de Carme e de Noa**, pero non **de Roi**, porque non estaba.

- Sempre que paseo a Chispa e vexo a Nuno, o rapaz escapa **da cadela**.



2 Copia as oracións substituíndo as palabras destacadas por contraccións dos pronomes átonos.

- Olaia díxome **a nota que sacara no exame**.

▶ _____

- Aínda non **nos** contou **que lle pasou**.

▶ _____

- Onte presentéilles **o irmán de Xela**.

▶ _____

3 Completa o cadro coas contraccións que faltan.


	ME	CHE	LLE	NOS	VOS	LLES
O	MO					LLELO
A		CHA		NOLA		
OS			LLOS			
AS					VOLAS	

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.


- Os pronomes persoais tónicos de terceira persoa *el, ela, eles, elas* contraen coas preposicións *de* e *en* dando como resultado as contraccións **del, dela, deles, delas; nel, nela, neles, nelas**.
- Os pronomes persoais átonos de terceira persoa *o, a, os, as* contraen coas formas átonas do pronome *me, che, lle, nos, vos, les*, dando como resultado **mo, ma, mos..., cho, cha..., llo, lla...**

Nome _____ Data _____

1 Le e clasifica as palabras destacadas relacionadas coa xoiaría.



FEIRA DE XOIARÍA ARTESÁ




ACTIVIDADES PROGRAMADAS:

- Obradoiro de **pendentes**.
- Conferencia: *As xoias, unha elección **brillante***.
- Obradoiro de elaboración de **aneis** con pedras **hexagonais**.

Visita as tendas de **pulseiras macizas**. Vanche encantar!

Inscríbete no enderezo vaidexoias@feiraartesa.com.



- Tipos de xoias ► _____
- Calidades ► _____

2 Escribe. De que material é a medalla de cada deportista?

Primeiro posto: medalla de _____

Segundo posto: _____

Terceiro posto: _____




3 Relaciona cada imaxe coa oración correspondente por medio de números. A continuación, subliña as opcións correctas para completar a afirmación final.

1



2



Gloria ten un anel cun brillante.

Cada anel do tronco representa un ano de vida da árbore.

A palabra *anel* é polisémica / antónima porque ten un / diversos significados.

Nome _____ Data _____

1 Clasifica os seguintes determinantes nos ocios correspondentes do cadro.

o	primeira	moitos	este	aquelas	miña
uns	teus	algunhas	as	vinte	unhas



Artigos		Demostrativos	Posesivos	Numerais	Indefinidos
Det.	Indet.				

2 Escribe a forma do artigo determinado (*o, a, os, as*) que resulte adecuada en cada caso.

- _____ camiño
- _____ labores
- _____ arte
- _____ crise
- _____ dínamo
- _____ amigos
- _____ diadema
- _____ verán
- _____ pés
- _____ análises

3 Completa as oracións con formas do artigo determinado (*o, a, os, as*) ou do artigo indeterminado (*un, unha, uns, unhas*).

- Ao producirse aquel suceso, _____ xornalistas chegaron ao lugar para informar.
Un deles, _____ repoteiro, entrevistou algunhas persoas.
- Non sei se comprarlle _____ libro ou _____ película aquela que me pediu.
- _____ escritora que che gusta vai dar _____ conferencia na vila esta semana.

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **determinantes** son as palabras que van diante dos substantivos e que os concretan ou determinan. Poden funcionar como determinantes os **artigos**, os **demostrativos**, os **posesivos**, os **numerais** e os **indefinidos**.

O **artigo** anuncia a presenza dun substantivo e indica o xénero e o número que este ten. Pode ser **determinado** (*o, a, os, as*) ou **indeterminado** (*un, unha, uns, unhas*) e vai no mesmo xénero e no mesmo número ca o substantivo que acompaña.

Nome _____ Data _____

1 Le estas oracións e arrodea as contraccións que atopas nelas.

- Nestes primeiros meses da primavera dá gusto pasear polo prado.
- Dos catro irmáns, dous estudan música nesa academia de aí.
- Desta vez, para nalgunha tenda ao volver do traballo e compra o pan.
- Naquela casa vivía eu e, naqueloutra, meus avós.
- Nesta cidade non hai carril bici, pero noutras si.



2 Enche os ocros coas contraccións das palabras que se propoñen entre parénteses.




- Xoán sempre volve (en + o) _____ bus, pero (en + algunha) _____ ocasión fíxoo andando.
- (En + aquel) _____ tempo meus curmáns aínda vivían (en + este) _____ edificio.
- (De + esta) _____ vez ceamos aquí, pero para a próxima imos a (aquel + outro) _____ restaurante.
- Non me deas (de + esas) _____ mazás verdes nin (de + aquelas) _____ amarelas; dáme (de + aquelas + outras) _____ vermellas.
- Se Antón non está na casa, teremos que vir (en + outro) _____ momento para falarlle (de + iso) _____ que nos preguntou.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

- As preposicións *de* e *en* contraen cos demostrativos *este, ese, aquel, iso...* e dan como resultado as contraccións **deste, dese, daquel, diso...**; **neste, nese...**
- As preposicións *de* e *en* contraen cos indefinidos *algún, algunha, algúns, algunhas* e con *outro, outra, outros, outras* e dan como resultado as contraccións **dalgún, dalgunha...**; **nalgún, nalgunha...**; **doutro, doutra...**; **noutro, noutra...**
- Os demostrativos *este, esta; ese, esa; aquel, aquela...* poden contraer cos indefinidos *outro, outra, outros, outras* e dar como resultado **estoutro, esoutro, aqueloutro, estoutra, esoutra...**

Nome _____ Data _____

1 Relaciona cada elemento co seu nome.



- | | | | |
|--------------------------|-----------------|--------------------------|---------|
| <input type="checkbox"/> | lámpada | <input type="checkbox"/> | pila |
| <input type="checkbox"/> | interruptor | <input type="checkbox"/> | cable |
| <input type="checkbox"/> | parafuso | <input type="checkbox"/> | martelo |
| <input type="checkbox"/> | desaparafusador | <input type="checkbox"/> | cravo |

2 Completa en cada caso co nome do elemento anterior que corresponda.



- A _____ xera a enerxía eléctrica do circuito.
- O _____ conduce a enerxía eléctrica.
- A _____ alumea cando lle chega a enerxía eléctrica da pila.
- O _____ permite ou impide o paso da electricidade.

3 Copia cada oración substituíndo as descrições que están entre parénteses polas palabras homónimas axeitadas.

naval / nabal

bela / vela

barro / varro

- Non (paso a vasoira para limpar), que choveu e está todo cheo de (mestura de auga de chuva e terra).

- Iria ten un (leira de nabos) detrás da súa casa, que está preto da escola (relativo aos barcos e á navegación).

- Que (agradable á vista) imaxe: o mar cheo de barcos de (peza de lona suxeita aos mastros dun barco).

6

Os demostrativos e os posesivos

Nome _____ Data _____

1 Arrodea os demostrativos das seguintes oracións e clasifícaos segundo a distancia que expresan.

- Aqueles rapaces díxéronnos que ese autobús pasa polo centro.
- Collín na biblioteca eses libros e estes cómics.
- Non me valen nin esta pintura nin esa; preciso aquela máis clara.
- Este ano non nevou tanto... Lembras a nevada que caeu aquel ano que chegamos á vila?



Proximidade	Distancia media	Afastamento

2 Relaciona cada posesivo coa afirmación referida a el.

- | | | |
|------|---|---|
| meus | • | • Pode referirse a un posuidor ou a varios. |
| vosa | • | • Indica que o posuidor é a persoa que escoita. |
| túas | • | • Indica que hai máis dun posuidor. |
| seu | • | • Indica que a persoa que fala posúe varias cousas. |

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **demostrativos** identifican seres ou obxectos pola distancia á que se atopan, no espazo ou no tempo, con respecto á persoa que fala. Poden indicar **proximidade** (*este, esta...*), **distancia media** (*ese, esa...*) ou **afastamento** (*aquel, aquela...*). Cando acompañan os substantivos, os demostrativos van no mesmo xénero e no mesmo número ca eles.

Os **posesivos** expresan que un ser ou obxecto pertence a alguén a quen chamamos posuidor. A forma dos posesivos indícanos se o posuidor é unha persoa (*meu...*) ou se son varias (*voso...*), e infórmanos tamén de se o posuidor é a persoa que fala (*miña...*), a que escoita (*túa...*), ou alguén distinto de quen fala e escoita (*súa...*). Cando acompañan os substantivos, os posesivos van no mesmo xénero e no mesmo número ca eles. Nestes casos, adoitan ir precedidos do artigo.

Nome _____ Data _____

1 Separa en síllabas cada nome. Despois, arrodea a cifra que expresa o número de síllabas que ten.

xoaniña

4 5 síllabas



miñoa

4 3 síllabas




mosca

2 3 síllabas



bolboreta

4 3 síllabas

2 Relaciona cada animal co cadro que representa o conxunto de síllabas do seu nome. Ten en conta que a casa sombreada corresponde á síllaba tónica.**3** Arrodea a síllaba tónica de cada palabra.

- casa
- ordenador
- maletín
- báscula
- tómbola
- rotulador
- sólida
- música
- roupa
- televisor
- xanela
- conferencia

4 Fixate nos acentos gráficos e risca a palabra mal escrita de cada parella.

cesta / césta



correo / corréo



calcetín / calcetin



mascara / máscara



violín / violin

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

As palabras están formadas por síllabas. A síllaba que se pronuncia con máis intensidade nunha palabra é a **síllaba tónica**. As demais síllabas chámanse átonas. Exemplo: *e-qui-po*. Síllaba tónica ► *qui*; síllabas átonas ► *e, po*.

Nalgunhas palabras, a síllaba tónica márcase cun signo denominado **acento gráfico**. O acento gráfico é unha raíña que se coloca enriba da vogal tónica. Para determinar se unha palabra leva ou non acento gráfico, séguense unhas regras.

Nome _____ Data _____


1 Subliña no poema nomes de elementos do espazo e cópiais debaixo dos debuxos correspondentes.

De noite vexo a Lúa
e detéñome a observar,
e síntome moi miúda
como a fariña no pan.

Estrelas fugaces
coma un pestanexo.
«Axiña, de présa,
pide o teu desexo».

Que inmenso é o espazo,
todo cheo de planetas,
satélites, estrelas
e unha chea de cometas!

Quero ser astronauta
no espazo complexo!



_____ s _____

2 Relaciona os elementos para obter as definicións completas.

O sentido literal

é o significado que a palabra adquire ao usala de forma expresiva.

O sentido figurado

é o significado que a palabra ten en orixe e o que presenta habitualmente.

3 Marca as oracións en que as palabras destacadas se usan en sentido figurado.

- Os astrónomos acaban de descubrir unha nova **estrela**.
- Aquela moza é Noa Sueiro, a nova **estrela** da canción.
- Este rapaz sempre colabora nas tarefas da casa: é unha **xoia**!
- Os piratas roubaron a **xoia** máis valiosa da raíña e agachárona co resto do botín.

4 Escribe oracións empregando a palabra *so* en sentido literal e en sentido figurado.

Nome _____ Data _____

1 Volve escribir as oracións substituindo os números por numerais cardinais ou ordinais.


- Tomaremos, de 1.º prato, sopa; de 2.º prato, peixe; e de sobremesa, amorodos.

- A nai de Martiño ten 40 anos e esta é a 7.ª vez que participa no maratón.

- Ese monumento é de 1880, é dicir, construíuse no século XIX.

2 Identifica os indefinidos que aparecen nas seguintes oracións. Despois, arrodea os que teñen flexión de xénero e de número e subliña os invariables.

- Como me doe algo a cabeza, calquera ruído me molesta.
- Algunhas persoas intentaron resolver a adiviña, pero ninguén acertou.
- Aínda que o luns trouxen moitos ovos, agora quedan poucos.

**3** Completa as oracións con numerais ou indefinidos, seguindo o código. Fíxate na concordancia.

numeral cardinal

numeral ordinal

indefinido

- Na festa había _____ adultos, pero só _____ nenos.
- A clasificada dedicoulle o premio a _____ as persoas que lle axudaran.
- Xa o intentou _____ veces, pero seguro que á vai a vencida.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **numerais** expresan cantidade ou orde de xeito preciso. Poden ser cardinais e ordinais.

Os numerais **cardinais** expresan cantidade exacta. Os numerais **ordinais** indican a posición dun ser ou obxecto dentro dun conxunto ordenado.

Os **indefinidos** expresan cantidade dun xeito inexacto ou identifican alguén de forma imprecisa. Algúns teñen flexión de xénero e / ou de número (*un, algún, pouco, moito...*); outros son invariables (*algo, calquera...*).

Nome _____ Data _____

1 **Risca en cada caso a palabra que non pertence ao grupo.**

agudas	estrela • papel • inglés • calor • pantalón • anel
graves	libro • fácil • táboa • fariña • réptil • rabaño
esdrúxulas	tómbola • práctica • física • trevo • fórmula • típica

2 **Marca en cada caso o nome correcto do elemento representado.**


 melon

 bolígrafo

 tobogán

 camara

 ambulancia

 melón

 bolígrafo

 tobogan

 cámara

 ambulancia

3 **Le as oracións e ponlles acento gráfico ás palabras destacadas que o precisen.**

- Xoaquin colocou unha planta no **balcon** da casa.
- Vós **fostes** desde **Allariz** ata **Paris** en **bus**?
- O amigo de **Xelis** traballa nunha **fabrica** onde se recicla **plastico**.
- **Ramon** dixo que o **exame** de **matematicas** fora moi **facil**.



REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

As palabras acentúanse graficamente de acordo coas seguintes normas:

- As **palabras agudas** son as que teñen a última sílaba tónica. Acentúanse graficamente cando son polisílabas e rematan en *vogal*, en *vogal* + *-n*, en *vogal* + *-s* ou en *vogal* + *-ns*.
- As **palabras graves** son as que teñen a penúltima sílaba tónica. Acentúanse graficamente cando rematan en consoante distinta de *-n* ou *-s*, ou en grupos consonánticos distintos de *-ns*. Tamén levan acento gráfico cando rematan en ditongo decrecente, seguido ou non de *-n* ou *-s*.
- As **palabras esdrúxulas** teñen a antepenúltima sílaba tónica. Levan acento gráfico sempre.

Nome _____ Data _____

1 Le e arrodea as palabras destacadas seguindo o código de cores.

vermello: elementos da xeografía

azul: calidades relacionadas co clima

Librería MUNDONOVO

*Arquipélagos de zonas **xélicas***



*A vida nos **océanos cálidos***



*Plantas de **vales húmidos***



*Habitantes dos **macizos áridos***



Adquire os nosos libros e participa no sorteo de fabulosas viaxes!

2 Risca en cada caso o termo que resulta inadecuado para referirse ao representado na ilustración.



mapa
maqueta



mapa
plano



mapa terráqueo
globo terráqueo



plano
maqueta

3 Marca. Que é un campo léxico?

Un grupo de palabras cunha raíz común. Por exemplo: *terra, terrestre, terreal...* pertencen ao mesmo campo léxico.

Un grupo de palabras diferentes relacionadas co mesmo tema. Por exemplo: *médico, curar, doente...* relaciónanse coa *saúde*.

4 Arrodea as sete palabras que pertencen ao campo léxico das viaxes.

- avión
- cazo
- maleta
- pasaxeiro
- voar
- hospital
- turístico
- cruceiro
- mapa
- mestre

Nome _____ Data _____

1 Indica que grao expresan os adxectivos das seguintes oracións.



Xián é alto.

Grao _____



Ana é máis alta ca Xián.

Grao _____



Mariña é altísima.

Grao _____

2 Escribe, a partir do debuxo, unha comparación de inferioridade, outra de igualdade e outra de superioridade, utilizando o adxectivo *grande*.



- _____
- _____
- _____

3 Escribe superlativos a partir destes adxectivos en grao positivo.

- bo ▶ boísimo
- amplo ▶ _____
- contento ▶ _____
- belo ▶ _____
- triste ▶ _____
- negro ▶ _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os adxectivos poden expresar a intensidade con que un ser ou un obxecto presentan unha calidade porque teñen **graos**.

Os graos do adxectivo son tres: **positivo**, **comparativo** e **superlativo**. O grao comparativo pode ser de **inferioridade**, de **igualdade** e de **superioridade**.

8

Acentuación de ditongos e hiatos

Nome _____ Data _____

1 Fixate en como se pronuncian estas palabras e escribe separadas as sílabas que as forman.

- veleiro ► _____
- coidar ► _____
- paraíso ► _____
- coello ► _____
- baile ► _____
- aldeán ► _____

2 Clasifica as palabras anteriores onde corresponda.

Palabras con ditongo

Palabras con hiato

3 Busca catro palabras con hiato nesta sopa de letras e escribe cada unha a carón da súa definición. Despois, arrodea as vogais ás que lles puxeches acento gráfico para marcar os hiatos.

C	A	P	C	R	U	A	X
A	C	T	E	I	S	M	O
R	E	A	U	O	A	P	I
D	R	A	I	Ñ	A	E	N
A	C	A	S	V	A	S	T
S	A	U	D	O	N	A	E

1. Palavra ou xesto para saudar. ► _____
2. Muller que reina. ► _____
3. Persoa que oe ou escoita algo. ► _____
4. Que está sen cociñar (en feminino). ► _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

As palabras con **ditongo** seguen as normas xerais de acentuación. Se unha palabra con ditongo ten que levar acento gráfico, este escríbese sempre sobre a vogal aberta (a, e, o). Exemplo: *náutico*. Os ditongos decrecentes nunca levan acento cando van na última sílaba dunha palabra.

As palabras con **hiato** seguen as normas xerais de acentuación, excepto os hiatos formados por unha vogal tónica pechada (i, u) e unha vogal aberta átona (a, e, o), que levan sempre acento gráfico sobre a vogal pechada. Exemplos: *asubío*, *lúa*.

As secuencias *iu* e *ui* acentúase xeralmente cando a segunda vogal é tónica. Exemplos: *muíño*, *diúrno*.

Nome _____ Data _____

1 Completa o texto coas palabras propostas.

rápidos descender vereas canón montañeiros



Actividades do Centro Excursionista de Vilasal

- **Ráfting.** Unha oportunidade para _____ en balsa pneumática superando os espectaculares _____ do río Branco.
- **Iniciación á escalada.** Aprenderemos con _____ profesionais.
- **Barranquismo.** Baixaremos polas paredes do _____ do río Vir.
- **Sendeirismo.** Rutas tranquilas por camiños e _____ que nos permitirán coñecer as aldeas dos arredores.

Aventúrate con nós!

2 Escribe oracións que se refiran ao representado nos debuxos utilizando as palabras propostas.



piragüista envorcar

• _____



alpinistas explorar

• _____

3 Escribe en cada caso tres palabras da mesma familia ca a que se propón.

camiñar

campo

Nome _____ Data _____

1 Subliña as formas verbais que aparecen nestas oracións e clasifícaaas segundo a conxugación a que pertencen.

- Dixo que era a máis vella de catro irmáns.
- Este ano predín que nevará moito.
- O terremoto fixo que as paredes da casa agretasen.



1. ^a conxugación	2. ^a conxugación	3. ^a conxugación

2 Copia cada forma verbal separando a raíz das desinencias.

- | | | | |
|-------------|---------|------------|---------|
| • abrín | ▶ _____ | • pensarei | ▶ _____ |
| • moveu | ▶ _____ | • caeron | ▶ _____ |
| • falaremos | ▶ _____ | • subín | ▶ _____ |

3 Escribe o infinitivo dos verbos da actividade anterior.

- | | |
|---------|---------|
| • _____ | • _____ |
| • _____ | • _____ |
| • _____ | • _____ |

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **verbos** son palabras que expresan accións ou estados. O conxunto das formas dun verbo constitúe a súa **conxugación**. Para nomear un verbo utilízase o **infinitivo**, que acaba en **-ar** se o verbo é da 1.^a conxugación, en **-er** se é da 2.^a e en **-ir** se é da 3.^a

As formas verbais constan de **raíz** e **desinencias** e teñen **número** e **persoa**.

As formas non persoais do verbo son o **infinitivo**, o **xerundio** e o **participio**. Con todo, en galego existe a posibilidade de engadirlle ao infinitivo desinencias de número e persoa.

Nome _____ Data _____

1 Explica o significado das palabras destacadas en cada oración.

- Teño un pouco de **pré**sa, así que non podo quedar a tomar o **té** contigo.

- Para que non che caian as **ás** do disface de dragón, tes que lles facer un **nó**.

- Caeume a **bó**la das mans e mancoume nun dedo do **pé**.

- **Có**mpre que lle cortes algunhas **pó**las a esa árbore, ou acabarán entrando pola ventá.

2 Completa as oracións coa palabra que corresponda en cada caso.

da / dá

é / e

oso / óso

vén / ven

- A persoa que _____ as instrucións é a adestradora do equipo.
- A miña amiga Marcela _____ italiana.
- Lois tivo un accidente coa bicicleta e rompeu un _____ da perna.
- Se non _____ á excursión, terá que quedar na casa.


REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

O **acento diacrítico** úsase para diferenciar palabras que se escriben igual, pero que teñen significados distintos. Exemplo: *fóra* (adverbio de lugar), *fora* (forma do verbo *ser* ou do verbo *ir*).

Nome _____ Data _____

1 Marca en cada caso a imaxe que ilustra o que expresa a oración.


- O ceo anubrouse de súpeto.



- Comezou a chuvia.




- Unha ventada tirou a froita toda.



2 Ordena as palabras e forma oracións.



- a O temperatura. medir para termómetro serve



- indica do O vento. dirección catavento a



- eléctricas. O protexe pararraios os das edificios descargas



- pluviómetro de mide de O choiva a que cae. cantidade auga

3 Escribe a palabra primitiva a partir da que se formou cada palabra derivada.

• sollío ► sol

• sarabiar ► _____

• neboento ► _____

• chuvia ► _____

• nubeiro ► _____

• nevarada ► _____

Nome _____ Data _____

1 Subliña o verbo de cada oración, di en que tempo está e pon a oración no tempo que se indica.

- Eu teño un can pequeno moi rebuldeiro. ▶ Tempo presente

futuro Eu terei un can pequeno moi rebuldeiro.

- Laura irá a un concerto de música clásica. ▶ _____

pasado _____

- Ti explicaches moi ben a lección. ▶ _____

presente _____

2 Relaciona. Que modo verbal utilizarías para expresar cada tipo de mensaxe?

unha orde afirmativa un desexo un feito real unha posibilidade

INDICATIVO SUBXUNTIVO IMPERATIVO

3 Subliña a forma verbal de cada oración e indica en que modo está.

- Xoán viu a Aleixo. ▶ _____
- Oxalá chegue xa o verán! ▶ _____
- Luís, fai a cama! ▶ _____
- Mañá choverá bastante. ▶ _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

As formas verbais sitúan a acción nun **tempo** determinado (**pasado, presente** ou **futuro**), tomando como referencia o momento en que se fala.

O **modo** das formas verbais achega información sobre a actitude que adopta o falante con respecto a aquilo que expresa. Hai tres modos verbais: **indicativo, subxuntivo** e **imperativo**.

Nome _____ Data _____

1 Arrodea as comas e explica por que se utiliza este signo de puntuación en cada texto.

A

Martiño, chámame
cando chegues para
contarche as últimas
novidades no asunto
das actividades.
Unha aperta.

Antón

B

A miña tía Olaia ten
facilidade para os idiomas.
Xa sabe falar inglés,
grego, francés e italiano.
Agora está aprendendo
éuscaro.

C

Marta e Antón,
os meus veciños,
queren aprender alemán.
Por iso decidiron ir
pasar unha tempada
a Berlín.

A

B

C

2 Puntúa correctamente estas oracións colocando a coma onde sexa necesaria.

- Paio o amigo do meu fillo toca o tambor na banda da vila.
- Vai á carnizaría e compra coello zancos de polo e vitela.
- A Raúl e a Fina os meus curmáns gústanlles o tenis o baloncesto e o xadrez.
- Vicenta a mestra de Tomé gañou un concurso de literatura.
- Antón Xían Saleta e Minia van ao mesmo colexio desde cativos.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Escríbese **coma** (,) nos seguintes casos:


- Para separar os elementos dunha enumeración.
- Para facer unha aclaración no medio dunha oración.
- Para separar, nunha oración, o nome da persoa a quen nos diriximos.

Nome _____ Data _____

1 Arrodea o verbo que se axusta a cada definición.

- | | | | |
|---|---|------------|-------------|
| • Somerxerse na auga completamente. | ▶ | escorregar | mergullarse |
| • Manterse na superficie dun líquido. | ▶ | flotar | fluír |
| • Desprazarse ou deixarse ir por unha superficie. | ▶ | aboiar | escorregar |
| • Deixarse caer con forza. | ▶ | afundirse | lanzarse |


2 Escolle e copia a palabra correcta.



Colchón
ou boia?



Socorrista
ou monitor?




Tobogán
ou trampolín?



Socorrista
ou monitor?

3 Relaciona e escribe palabras compostas.

- | | | |
|---------|-----------|---------|
| salva • | • gotas | ▶ _____ |
| alto • | • rollas | ▶ _____ |
| conta • | • vidas | ▶ _____ |
| saca • | • falante | ▶ _____ |



4 Resolve a adiviña e obterás unha palabra composta que nomea un obxecto moi empregado no verán.

Nas praias e nas piscinas
do sol heivos protexer;
en calquera parque acuático
tamén me poderedes ver.

Son o _____



Nome _____ Data _____

1 Escribe o infinitivo de cada verbo e despois arrodea a raíz das dúas formas.

- xogue ► xogar _____
- alcemos ► _____
- temeus ► _____
- bebía ► _____
- busques ► _____
- fregue ► _____
- rega ► _____
- dancei ► _____
- canta ► _____

2 Resolve estas cuestións sobre os verbos anteriores.

- Que consoantes mudaron na raíz dalgúns verbos? Anótaas.

_____ ► _____ _____ ► _____ _____ ► _____

- Marca a opción correcta. Os cambios que observaches na raíz destes verbos...

son simplemente ortográficos (escríbese **c** diante de **a, o, u** e **qu** diante de **e, i**; escríbese **z** diante de **a, o, u** e **c** diante de **e, i**; escríbese **g** diante de **a, o, u** e **gu** diante de **e, i**).

indican que non se conxugan coma os verbos modelo das súas respectivas conxugacións.

- Os verbos que presentan variacións deste tipo, son regulares ou irregulares?

3 Escribe a primeira persoa de singular do presente, do pretérito perfecto e do futuro de indicativo dos seguintes verbos. Despois, compara as formas e di se os verbos son regulares ou irregulares.

- atopar ► atopo, atopei, atoparei. É un verbo regular. _____
- querer ► _____
- debater ► _____
- ir ► _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os verbos **regulares** manteñen a raíz igual en todas as formas e presentan sempre as mesmas desinencias ca o verbo modelo da súa conxugación.

Os verbos que non cumpren algunha destas dúas condicións son **irregulares**.

Nome _____ Data _____

1 Completa con coma ou punto e coma.

Na miña clase hai compañeiros chegados de diferentes lugares: Micaela é da Arxentina____
Duarte____ de Coímbra____ Hamza____ de Nador____ Dorina____ de Bucarest____ e Cristina____ de Lima.

2 Completa o texto con coma ou con punto e coma.



Lexionarios _____ soldados romanos _____ prestade atención.
Temos que construír un campamento. A primeira centuria montará
as tendas _____ os estandartes e as estadas _____ a segunda
construírá os muros _____ a terceira cavará a foxa arredor deses
muros _____ e a cuarta erguerá as torres. Parecerémoslles
invencibles aos inimigos _____ con todo _____ non nos debemos
dormir _____ porque os adversarios sempre están á espreita!

3 Escribe dúas oracións cos enlaces *malia que* e *non obstante* precedidos de punto e coma.

4 Describe o teu cuarto e enumera os obxectos que hai nel. Usa as comas e os punto e coma.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Escíbese **punto e coma (;)** nos seguintes casos:

- Para separar os elementos dunha enumeración cando algún destes xa leva coma.
- Diante dos enlaces *malia que*, *aínda que*, *non obstante*, *con todo*... cando introducen oracións longas.

Nome _____ Data _____

1 Risca os cinco elementos que non se relacionan co centro comercial.

barbaría

biblioteca

tenda de roupa

autoestrada

zoolóxico

supermercado

concello

cafetería

escola

garaxe

zapataría

xoiaría

2 Completa as oracións coas palabras axeitadas.

escaparate cheo rechamante apetitosos barata ofertas

- Este supermercado sempre está _____
porque fan boas _____.



- Nesta tenda, a roupa é _____,
pero moi _____ para
o meu gusto.



- No _____ desta pastelería sempre hai
uns doces moi _____.

3 Forma palabras cun significado oposto ao dos seguintes termos utilizando os prefixos *in-*, *im-* e *des-*.

• posible ► _____

• facer ► _____

• par ► _____

• montar ► _____

• tapar ► _____

• móbil ► _____

• puro ► _____

• pintar ► _____

Nome _____ Data _____

1 Relaciona con letras cada pregunta cos dous adverbios que poderían servir como resposta.

- | | | | | | |
|----------------------------|------------------------------------|--------------------------|----------|--------------------------|----------------|
| <input type="checkbox"/> A | Onde está a vosa casa? | <input type="checkbox"/> | abofé | <input type="checkbox"/> | estupendamente |
| <input type="checkbox"/> B | Que tal está ese libro que liches? | <input type="checkbox"/> | bastante | <input type="checkbox"/> | mañá |
| <input type="checkbox"/> C | Cando vos mudades á casa nova? | <input type="checkbox"/> | alí | <input type="checkbox"/> | agora |
| <input type="checkbox"/> D | Gústache o biscoito que fixemos? | <input type="checkbox"/> | si | <input type="checkbox"/> | preto |
| <input type="checkbox"/> E | Canto che falta para acabar? | <input type="checkbox"/> | ben | <input type="checkbox"/> | pouco |

2 Clasifica os adverbios anteriores segundo a circunstancia que expresen.

Tempo	Lugar	Modo	Cantidade	Afirmación

3 Arrodea os adverbios que aparecen nestas oracións e indica en cada caso de que tipo son.

- A nós tampouco nos deu tempo a rematar o traballo. ▶ _____
- A Vítor e a Sara gústalles erguerse cedo. ▶ _____
- As instrucións explican claramente como funciona o aparello. ▶ _____
- Á bicicleta saqueille máis proveito do que pensaba. ▶ _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **adverbios** son palabras invariables que expresan circunstancias de lugar, de tempo, de modo e de cantidade. Tamén hai adverbios que expresan afirmación, negación e dúbida.

Xeralmente, os adverbios acompañan a un adxectivo, a un verbo ou a outro adverbio.

Os adverbios organízanse en clases, segundo a circunstancia que expresen. Algúns dos máis habituais son os adverbios de **lugar** (*aquí, alí, preto, lonxe, fóra...*), os de **tempo** (*agora, despois, hoxe, mañá, cedo, decote, sempre, xamais...*), os de **modo** (*ben, mal, mellor, así, amodo, adrede, facilmente...*), os de **cantidade** (*moito, bastante, pouco, máis, nada...*), os de **afirmación** (*si, abofé, tamén...*), os de **negación** (*non, tampouco...*) e os de **dúbida** (*quizais, talvez, seica, disque...*).

Nome _____ Data _____

1 Separa en sílabas as seguintes palabras.

- carreira ▶ _____
- moucho ▶ _____
- escravo ▶ _____
- pallaso ▶ _____
- estraño ▶ _____
- cocheira ▶ _____
- xoguete ▶ _____
- guitarra ▶ _____
- lingua ▶ _____

2 Arrodea as palabras que están ben partidas. Despois, separa correctamente as que están mal.

o campio- nato	o estranx- eiro	con algun- ha	no cárce- re	á esq- uerda	os pallei- ros
-------------------	--------------------	------------------	-----------------	-----------------	-------------------

3 Sigue o modelo e copia cada palabra onde corresponda, separando as súas sílabas.

- frouxo
- tardío
- portaría
- esvaecer
- ciencia
- violencia
- auga
- faena
- aéreo
- inconsciente
- carie
- historia

Dúas sílabas: ▶ frou-xo _____

Tres sílabas: ▶ _____

Catro sílabas: ▶ _____


REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Para partir as palabras ao final da liña, hai que escribir un **guión** e seguir estas normas:

- Non se poden separar as letras que forman parte da mesma sílaba. Exemplo: *cal-do*, non *ca-ldo*.
- Non se poden separar os ditongos. Exemplo: *sombrei-ro*, non *sombre-iro*.
- Non se poden separar os dígrafos distribuíndoos en sílabas diferentes, pois representan un único son (**ch**, **gu**, **ll**, **nh**, **qu** e **rr**). Exemplos: *conce-llo* e *por-que*, non *concel-lo* e *porq-ue*.
- Non se pode deixar unha vogal soa nin ao final nin ao comezo dunha liña. Exemplo: *usá-baa*, non *u-sábaa*.
- Os grupos consonánticos **bl**, **br**, **cl**, **cr**, **dr**, **fr**, **fl**, **gl**, **gr**, **pl**, **pr**, **tl** e **tr** tampouco se poden separar ao final da liña. Exemplo: *pro-clamar*, non *proc-lamar*. En cambio, o grupo **cc** pódese dividir, porque cada c pertence a unha sílaba distinta. Exemplos: *ac-ción*, *direc-ción*.

Nome _____ Data _____

1 Arrodea cinco obxectos que poderías atopar nunha tenda de antigüidades e escribe os seus nomes.



2 Ordena as sílabas para formar o nome de tres oficios e completa con eles as oracións seguintes.



DO RES RA TAU RA



POR TRANS TA TIS



CUA TI RIO AN

- O _____ vende obxectos antigos na súa tenda.
- A _____ repara os danos que sufriu o cadro.
- O _____ descarga os mobles antigos con coidado.

3 Completa cada palabra co sufixo axeitado.

-ista -ada -ón -eira -eiro -oso -aría -iño

- | | |
|--|--|
| • O que ten moita fama. ▶ fam_____ | • Culler grande. ▶ culler_____ |
| • O que reparte as cartas. ▶ cart_____ | • Persoa que toca o piano. ▶ pian_____ |
| • Onde venden zapatos. ▶ zapat_____ | • Comida a base de sardiñas. ▶ sardiñ_____ |
| • Cadro pequeno. ▶ cadr_____ | • Árbore que dá laranxas. ▶ laranx_____ |

Nome _____ Data _____

1 Une as seguintes palabras por medio de preposicións.

- refresco _____ cafeína
- botar _____ correr
- punto _____ vista
- listo _____ usar
- contar _____ dez
- libro _____ ciencia

2 Constrúe en cada caso unha única oración utilizando conxuncións do tipo que se indica.

- Lavou toda a louza. Fregou ben o chan.

COPULATIVA ► _____

- Non viñeron á nosa casa o martes. Viñeron o mércores.

ADVERSATIVA ► _____

- Marchades de viaxe hoxe? Marchades mañá?

DISXUNTIVA ► _____

- Pensei que Bieito tiña unha irmá. Bieito ten dúas irmás.

ADVERSATIVA ► _____

3 Completa os ocos deste diálogo coas interxeccións axeitadas.

abur
ola
vaites
oxalá

– _____ Xurxo! Que che pasou no pé?

–Manqueime onte, xogando ao fútbol.

– _____! Síntoo moito. _____ te recuperes axiña! _____!

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

As **preposicións** unen unhas palabras con outras que as complementan ou especifican.
As **conxuncións** unen palabras ou grupos de palabras que expresan ideas, ben semellantes, ben dependentes unhas das outras. Os tipos de conxuncións máis frecuentes son as **copulativas** (*e, e mais, nin*), as **disxuntivas** (*ou*) e as **adversativas** (*pero, senón*).
As preposicións e as conxuncións son palabras invariables.
As **interxeccións** son palabras especializadas en transmitir mensaxes exclamativas.

Nome _____ Data _____

1 Introduce a raia onde corresponda.

Un día, na clase, estabamos a falar de distancias longas e a mestra preguntoulle a un compañeiro:

Paulo, está máis lonxe a Lúa ou Rusia?

Rusia está máis lonxe contestou Paulo, sen dubidar un segundo, porque a Lúa vese desde a ventá da miña casa, pero Rusia non.



2 Copia en cada caso un exemplo extraído do texto anterior en que a raia desempeñe a función que se indica.

- Introduce as palabras dun personaxe.

- Intercala unha aclaración do narrador na intervención dun personaxe.

3 Copia a oración introducindo as raia onde corresponda.

–Mamá! exclamou o mozo un chisco preocupado. Viches o meu reloxo?

4 Escribe en cada caso unha oración coas palabras que se indican. Utiliza as parénteses.

- Roma - Italia ► _____
- DOG - Diario Oficial de Galicia ► _____
- Ano 1753 - Século XVIII ► _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Utilízase a **raia** (–) nos seguintes casos:

- Para introducir nun texto as palabras dos personaxes. Exemplo: –*A que hora chega o avión?*
- Para intercalar as aclaracións do narrador entre as intervencións dos personaxes.
Exemplo: –*O avión chega ás cinco* –*asegurou Alberte.*

Utilízanse as **parénteses** () para incluír datos aclaratorios nunha oración: datas, lugares, indicacións de abreviacións, etc. Exemplo: *Xoán traballa nunha Organización Non Governamental (ONG).*

Nome _____ Data _____

1 Arrodea en cada caso a palabra que se axusta á definición.

- | | | | |
|--|---|---------|---------|
| • Casa dunha familia do poboado. | ▶ | cabana | hórreo |
| • Lugar onde se gardaban os animais. | ▶ | corte | cerrado |
| • Lugar onde se gardaban as colleitas. | ▶ | tear | celeiro |
| • Construción que rodea e protexe o poboado. | ▶ | cerrado | vasilla |

2 Completa cada oración coa palabra axeitada.

vasillas arpóns lanzas tear



- Os cazadores prepáranse para abater o mamut coas _____.



- O oleiro elabora _____ de barro para gardar alimentos.



- O tecelán utiliza un _____ para elaborar teas.



- Os mozos foron ao río a pescar peixes cuns _____.

3 Arrodea as palabras con sufixo diminutivo e escribe os termos de que proveñen.



Abelliña que bates as ás,
e, feituca, polo prado vas:
nas floriñas pousarás,
para o meliño preparar.

Nome _____ Data _____

1 Escribe un grupo nominal relacionado con cada ilustración que teña polo menos tres palabras.

2 Arrodea o grupo nominal que contén cada oración. Despois, relaciónao coa estrutura que presenta.

- Fíxolle preguntas difíciles.
- Meu avó vive alí.
- Comín dúas mazás saborosas.

Determinante + Núcleo

Determinante + Núcleo + Complemento

Núcleo + Complemento

3 Engádelle a cada grupo nominal unha palabra da clase que se indica. Fíxate na concordancia.

Indefinido

follas cuadriculadas



Adxectivo

ese veciño



Artigo

meu irmán pequeno



REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

O **grupo nominal** está formado por un número variable de palabras agrupadas en torno a un substantivo. Entre esas palabras establécense unha serie de relacións:

- A palabra máis importante do grupo é o substantivo, que funciona como **núcleo**.
- As palabras que aparecen diante do substantivo e que concretan o seu significado funcionan como **determinantes**. Os artigos son sempre determinantes, pero tamén poden realizar esta función os demostrativos, os posesivos, os numerais... Exemplos: ese xardín, miña tía...
- As palabras que acompañan o substantivo e que amplían ou limitan o seu significado funcionan como **complementos**. Os adxectivos desempeñan xeralmente esta función. Exemplo: xersei verde.

Nome _____ Data _____

1 Escribe os dous puntos onde corresponda e indica se introducen unha enumeración anunciada ou unha cita exacta.

- Cando chegou, díxolle «Por que non viñeches onte?». ▶ _____
- Mercarei algunhas cousas peixe, carne, froita e verduras. ▶ _____
- Cando deron as once, a mestra dixo «Todos ao patio!». ▶ _____
- Virán cear uns amigos Brais, Catuxa, Alberte e Anxo. ▶ _____

2 Escribe unha enumeración a partir da seguinte lista, anunciándoa previamente. Emprega os dous puntos e a coma cando sexa necesario.


PASTEL DE MAZÁ

Ingredientes:

- mazás - masa de follado
- manteiga - marmelada

O pastel de mazá faise con estes _____

3 Escribe unha oración para explicar o que acontece nesta escena entre a nai e o fillo. Debes utilizar os dous puntos para introducir as palabras dos personaxes.



A nai preguntou _____

 e o fillo _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Empréganse os **dous puntos (:)** nos seguintes casos:

- Para introducir unha enumeración que se anuncia.
- Antes de citar as palabras exactas que dixo unha persoa.
- Despois do saúdo das cartas.

Nome _____ Data _____

1 Observa e completa o texto escollendo, en cada caso, a palabra axeitada de cada grupo.

comedor patio estanque

recostados axeonllado sentada

mosaico mármore madeira



Unha escena doméstica

Esta é a casa de Octavio, en Roma. Podemos ver como o amo e un amigo están comodamente

....., gozando dos alimentos que lles ofrece o servente no _____.

Fixácheste no _____ tan bonito que hai no chan? Tamén se observa o _____

_____, decorado con estatuas de _____.

O neno está no chan, xogando cun cabaliño de _____, mentres

a nai, na beira do _____, vixía o pequeno.

2 Volve escribir as oracións substituíndo as palabras destacadas por substantivos formados cos sufixos aumentativos *-ón/-ona* ou *-azo/-aza*.

- Paio ten un **coche moi grande**. ▶ _____
- O dianteiro fixo unha **gran xogada**. ▶ _____
- Os romanos ricos tiñan **casas inmensas**. ▶ _____
- A súa visita foi unha **gran sorpresa**. ▶ _____
- A avoa é moi **amiga de mandar**. ▶ _____

Nome _____ Data _____

1 Transforma estas oracións con suxeito léxico en oracións con suxeito gramatical.

- A Xoana encántalle o zume de laranxa. ► A Xoana encántalle.
- O teu amigo transmitiunos a mensaxe. ► _____
- Miña avoa rega as plantas a diario. ► _____
- O mestre de Claudia é ourensán. ► _____

2 Subliña o predicado das seguintes oracións e arrodea o seu núcleo.

- Ismael adormeceu pola tarde na cadeira do salón.
- Anxo pediulle a Uxía a súa bicicleta nova.
- Hoxe na escola preguntounos por ti o irmán de Sara.
- Esa froita fresca da cociña tróuxoa a avoa.

**3 Transforma este conxunto de oracións nun texto.**

Todo estaba delicioso!
Preparou unha empanada
de bacallau, unha pescada ao forno
e unhas filloas con mel. O sábado
Xavier convidounos a xantar
na súa casa.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

As **oracións** son conxuntos ordenados de palabras que teñen sentido completo e que levan polo menos un verbo en forma persoal. Constan de suxeito e predicado.

- O **suxeito** é o elemento do que se di algo na oración. Pode ser **léxico**, cando está representado na oración por unha palabra ou un grupo de palabras, ou **gramatical**, cando está representado polo número e a persoa do verbo.
- O **predicado** é aquilo que se di sobre o suxeito. O seu núcleo é un verbo en forma persoal, que pode aparecer acompañado por outras palabras que o complementan.

Os **textos** son unidades de extensión variable que reúnen unha serie de características: expresan mensaxes completas; neles, as ideas aparecen ordenadas; e as oracións que os forman desenvolven o mesmo tema e relaciónanse entre si dun modo lóxico e coherente, a miúdo a través de conectores.

Nome _____ Data _____

1 Explica cal é a función dos puntos suspensivos nas seguintes oracións.

- Non podes imaxinar en cantos lugares estivo o meu avó Xosé: en México, en Australia, en Nova Zelandia, no Senegal, en Finlandia...

- Perdoa pero... levas posta a miña chaqueta!

- Mamá, non sei como dicircho... rachei o pantalón.


2 Escribe unha oración con puntos suspensivos que faga referencia a cada debuxo e explica que función desempeña nela ese signo de puntuación.

1

2



3

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.Utilízanse **os puntos suspensivos (...)** nos seguintes casos:

- Para indicar que unha enumeración está incompleta. Exemplo: *Gústame todo: a froita, a verdura, a carne, o peixe...*
- Para indicar que unha oración se interrompe para expresar sorpresa, dúbida, temor, desilusión... Exemplo: *Iria quería unha tartaruga e regaláronlle... un hámster.*

Nome _____ Data _____

1 Subliña en cada oración a palabra que se utilizou de forma inadecuada. Despois, volve escribir a oración substituíndo esa palabra polo termo apropiado dos que se propoñen.

cabalgou loitaban golpeou aplaudíalles

- Os cabaleiros cantaban para conseguir fama e o favor das damas.


- O público dos torneos aburría moito aos cabaleiros que participaban.

- O cabaleiro de negro pintou ao cabaleiro de amarelo coa maza e derrubouno do cabalo.

- O soldado subiu ao cabalo e camiñou sen descanso ata o castelo do rei.


2 Observa e completa o nome dos obxectos que leva o cabaleiro.

1	C					
2		S				A
3	C		I			A
4		S			D	
5	L	A				



3 Completa co nome do lugar que corresponde a cada xentilicio.

- Martiño é malpicán. ▶ É de _____
- Lucía é ourensá. ▶ É de _____
- María é viguesa. ▶ É de _____
- Carla é romana. ▶ É de _____
- Iria é allaricense. ▶ É de _____
- Liang é chinés. ▶ É da _____
- Carlos é cubano. ▶ É de _____
- Bieito é baionés. ▶ É de _____



PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Nome _____ Data _____

1 Le este texto sobre a comunicación dalgúns animais e resolve as cuestións posteriores.




A comunicación dos animais

A comunicación verbal é unha forma de transmitir información exclusiva dos humanos. Os animais tamén transmiten información, pero non usan a comunicación verbal. Daquela, como fan? Pois, fundamentalmente, empregan sinais visuais e acústicos. As abellas, por exemplo, indícanlles ás compañeiras a localización dunha flor mediante unha danza. O tipo de movementos e a súa duración informan da proximidade ou afastamento da flor e da súa situación respecto ao sol. Os golfinhos, pola súa parte, combinan sinais visuais (saltos de diferentes tipos) e acústicos (emiten unha gran variedade de sons, como chíos, ronquidos...).

- Que tipo de sinais empregan as abellas para comunicarse? _____

- Que tipo de sinais utilizan os golfinhos? _____
- Que diferenza hai entre o xeito de transmitir información dos humanos e o dos animais? Explicaoo comparando os elementos que usan uns e outros para comunicarse.

2 Relaciona estes elementos e coñecerás outros sistemas de comunicación utilizados polas persoas.




braille

Sistema de escritura en que os conceptos se representan por medio de debuxos.



escritura xeroglífica

Código baseado en xestos e sinais visuais feitos coas mans e con outras partes do corpo.



lingua de signos

Sistema de escritura en que as letras se representan con puntos en relevo, o que permite que os cegos as lean a través do tacto.

3 Observa a imaxe e marca a afirmación verdadeira.



- Nesta comunicación, o emisor e o receptor coinciden no tempo, é dicir, no momento en que se comunican.
- Nesta comunicación, o emisor e o receptor coinciden no espazo, é dicir, están xuntos no mesmo lugar.

4 Arrodea. En cales destas formas de comunicación se emprega a linguaxe escrita?



correo electrónico



videoconferencia



chat



blog

5 Observa o exemplo e escribe o verbo que falta en cada oración.

- Ao pasar por alí, Marta picou unha roda; eu, en cambio, _____ *piquei* _____ as dúas.
- Eu _____ aquí e el aparcou dúas rúas máis alá.
- Agora non chuvia; pero, aínda que _____, penso saír igual.
- Non _____ a roupa, que xa a colgarei eu ao chegar.
- Eu abrigueime máis do que te _____ ti.

6 Indica se o son K e o son G se representan sempre coas mesmas letras nas formas dos verbos que escribiches na actividade anterior. Despois, explica por que ocorre iso.

Nome _____ Data _____

1 Le este texto sobre as familias de linguas e resolve as cuestións posteriores.**Familias de linguas**

Sabes que as linguas, coma os humanos, se agrupan en familias cando posúen unha orixe común e presentan semellanzas? O galego, por exemplo, forma parte da familia románica, á que tamén pertencen outras linguas como o castelán, o portugués, o francés, o italiano e o romanés. Trátase de idiomas que teñen como orixe ou lingua nai o latín. Por iso o galego se parece máis ao portugués ca ao inglés, pois esta última lingua pertence a unha familia distinta: a angloxermánica.

- De que lingua proceden os idiomas románicos? _____
- Que linguas románicas sabes falar? _____
- Un galego que non domine ningunha outra lingua, con quen se entenderá máis facilmente, cun italiano ou cun alemán? Por que? _____

2 Copia as seguintes palabras onde corresponda. Despois, pinta as columnas das linguas románicas.

livre pão mano foot sohn braccio

	Inglés	Francés	Portugués	Italiano	Alemán
	arm	bras	braço		arm
		pied	pé	piede	fub
	bread	pain		pane	brot
	book		livro	libro	buch
	son	fiis	filho	figlio	
	hand	main	mão		hand

3 Di de que comunidade é cada unha destas rapazas españolas e que lingua fala. Despois, responde.



Gràcies!

▶ É de _____ e fala _____.

É do _____ e fala _____.



Eskerrik asko!

- Cal das dúas linguas anteriores non é románica? _____

4 Escribe unha oración con cada un destes termos en que se aprecie o seu significado. Usa o dicionario se o precisas.

fero / ferro

choro / chorro

cerro / cerro

careta / carreta

5 Escribe debaixo de cada número a letra que ocupa esa posición no abecedario.


14	19	14	17	17	9	12	14	10	1	17	9	12	7	14	10	14	7	14
														ó				

6 Na palabra anterior, pinta de vermello o *r* que se pronuncia forte e de azul o que se pronuncia suave. Despois, explica de que partes do corpo se ocupa o médico que leva ese nome.



Nome _____ Data _____

- 1** Le este texto sobre algunhas parellas de substantivos que se diferencian só polo seu xénero ou polo seu número e resolve as cuestións posteriores.



A Antón dóenlle as costas de empurrar o colector costa arriba.

Substantivos que se diferencian no xénero ou no número

Ás veces, dous substantivos diferentes, con significados distintos, presentan a mesma forma e só se distinguen polo xénero: un é masculino e outro feminino. Exemplo: *o rosa* (cor) / *a rosa* (flor).

Tamén hai outros substantivos distintos, cunha forma idéntica (incluso teñen o mesmo xénero), que se diferencian só en que un deles ten flexión de número, mentres que o outro é invariable: só pode ir en singular ou en plural. Exemplo: *costa* (variable; 'pendente', 'litoral') / *costas* (invariable; 'lombo').

- Que significa que un substantivo ten variación de xénero ou variación de número? _____

- Fíxate nos substantivos destacados e marca en cada caso o que non ten variación de número.

Os axentes puxéronlle as **esposas** ao detido.

Xulia é a **esposa** de meu tío.

O que máis me gusta do pan é o **miolo**.

Os **miolos** están dentro do cranio.

Para reparar o reloxo utilizou unha **lente** de aumento.

Xurxo usa **lentes**.

- 2** Os seguintes pares de substantivos son palabras con significados diferentes que coinciden na forma, pero que se distinguen polo xénero. Relaciona cada nome co seu significado.

- | | |
|--------------|--|
| o corte • | • Cidade onde residen o goberno ou a administración dun país ou provincia. |
| a corte • | • Instalacións dun aeroporto onde os pasaxeiros agardan. |
| o capital • | • Dispositivo conectado a un ordenador que recibe e envía información. |
| a capital • | • Acción e efecto de cortar ou cortarse. |
| o terminal • | • Conxunto de bens dunha persoa ou empresa. |
| a terminal • | • Lugar onde se garda o gando. |

3 Fíxate na información ofrecida nos cadros sobre o modo en que forman o plural os substantivos rematados en *-l*. Despois, escribe correctamente o plural dos nomes que se propoñen.

Os polisílabos agudos rematados en *-l*, cambian o *-l* por *-is*.

Os monosílabos e polisílabos graves rematados en *-l*, engaden *-es*.

- animal ▶ _____
- xel ▶ _____
- réptil ▶ _____
- mísil ▶ _____
- cónsul ▶ _____
- ril ▶ _____

- col ▶ _____
- candil ▶ _____
- anel ▶ _____
- actual ▶ _____
- aerosol ▶ _____
- azul ▶ _____

4 Escribe o plural destes substantivos rematados en *-s*. Despois, responde.



un abrelatas



dous _____




un lapis



moitos _____



un viraventos



varios _____



un atlas



uns _____

• Estes substantivos son individuais ou colectivos? _____

5 Completa as series de oracións. Ao facelo, utiliza correctamente os signos de puntuación.

Afirmación

Pregunta

Exclamación

- Viñeron todos. ▶ _____ ▶ _____
- _____ ▶ Tardaches moito? ▶ _____
- _____ ▶ _____ ▶ Que boa a comida!

Nome _____ Data _____

1 Le o texto sobre un dos usos especiais do plural dos pronomes e resolve as cuestións posteriores.**O plural de modestia**

Fixácheste en que hai textos asinados por un único autor, nos que en cambio se utilizan os pronomes de plural, en lugar dos de singular? Nestes casos, os verbos aparecen en plural (*pensamos, consideramos...*), aínda que fale unha única persoa. Trátase dunha técnica moi habitual en situacións e textos formais, como conferencias, artigos científicos, traballos da clase... Este uso chámase *plural de modestia*, porque a persoa que fala inclúese nun grupo máis amplo para non asumir en solitario todo o mérito ou a responsabilidade do que conta. Se ti tamén utilizas esta técnica, farás uns traballos excelentes, modestia á parte.

- En que consiste o plural de modestia? _____

- En que tipo de textos e situacións adoita empregarse? _____

- Marca. En que texto se utilizou o plural de modestia?

 As revisións oftalmolóxicas
Por Saleta Piñeiro

Este estudo permítenos concluír que a pantalla do ordenador pode ser moi prexudicial para a vista.

 As revisións oftalmolóxicas
Por Paulo Castro

Este estudo permíteme concluír que a pantalla do ordenador pode ser moi prexudicial para a vista.

2 Volve escribir este breve texto empregando nel o plural de modestia.

Analicei moitas lambetadas e podo afirmar que achegan poucos nutrientes. En cambio, poden causar carie e obesidade. Por iso, recomendo que se consuman con moderación.

3 Copia estas oracións substituíndo os pronomes átonos por un grupo de palabras, coma no exemplo.

- Colleuno e saíu correndo.

Colleu o paraugas e saíu correndo.

- Se a ves, avisa a seus irmáns.
-

- Envíaas mañá por correo.
-

- Dis que o perdiches por un minuto?
-

4 Completa cada oración cunha contracción do pronome átono.

- Pintouvos o cuarto de laranxa? ▶ Non, pintóu_____ de amarelo.
- Entregouche o pedido cedo? ▶ Si, entregou_____ ás oito en punto.
- Resolveulle a dúbida seu irmán? ▶ Non, resolveu_____ súa nai.
- Pagarasme o traxe ao contado? ▶ Non, vou_____ pagar con tarxeta.
- Gardarache el a equipaxe? ▶ Si, pero dixo que _____ gardaría só un día.
- Vailles poñer agora a canción? ▶ Non, poñerá_____ máis tarde.

5 Escribe unha oración con cada unha das seguintes contraccións.

- nelas ▶ _____
- del ▶ _____
- volos ▶ _____

6 Marca a opción correcta en cada caso.

- | | | | |
|--------------------------------------|---|---|---|
| • Leveilles os bocadillos aos nenos. | ▶ | <input type="checkbox"/> Levéillelos. | <input type="checkbox"/> Leveillos. |
| • Deunos os exames. | ▶ | <input type="checkbox"/> Déunolo. | <input type="checkbox"/> Déunoslos. |
| • Indicoume mal o camiño. | ▶ | <input type="checkbox"/> Indicouullo mal. | <input type="checkbox"/> Indicoumo mal. |
| • Buscoulle un bo traballo. | ▶ | <input type="checkbox"/> Buscoullo. | <input type="checkbox"/> Buscoullelo. |

Nome _____ Data _____

1 Le este texto sobre o uso do artigo con certos nomes propios e resolve as cuestións posteriores.

Nomes propios de lugar que levan artigo

Ás veces, o artigo forma parte dalgúns nomes propios de lugar. Isto ocorre con nomes de cidades, vilas e concellos (**A** Coruña, **O** Carballiño), de comarcas (**A** Ulla, **A** Limia, **O** Salnés), de serras (**Os** Ancares), etc. Nestes casos, o artigo non ten valor de determinante, senón que funciona como unha parte dese nome.

Cando estes nomes de lugar levan diante unha preposición, esta contrae co artigo que forma parte do nome. Exemplos: *Vive **na** Coruña. Foi **á** Estrada. Vén **da** Limia.*

- Pon dous exemplos de nomes propios de lugar que levan artigo. _____

- Que valor ten o artigo cando acompaña un substantivo común? _____

- Funciona dese mesmo xeito o artigo cando forma parte dun nome propio? _____

2 Completa as oracións facendo as contraccións necesarias entre as preposicións e os artigos que forman parte dos nomes propios.

- A curmá de Uxía vive no concello de... (As Neves).



- En... (A Estrada) hai unha praza cunha rotonda.

- Xacobe foi pasar a fin de semana con seus avós a... (A Mariña).



3 No caso de certos lugares, o artigo non forma parte do seu nome, pero adoita empregarse para acompañalo. Escribe a contracción axeitada de preposición e artigo diante de cada nome.

- ___ China e ___ Xapón cultívase moito arroz.
- O sari é un vestido tradicional ___ India.
- As ruínas de Machu Picchu están ___ Perú.
- O pasado verán, Xurxo foi facer un curso de inglés ___ Reino Unido.
- Fixo unha longa viaxe por América e estivo ___ Canadá, ___ Estados Unidos e ___ Brasil.

4 Volve ler a definición das palabras homónimas. Despois, marca as parellas de termos homónimos.

As palabras homónimas son termos que teñen significados diferentes, pero que se pronuncian igual e, ás veces, tamén se escriben de forma idéntica.

coro / corro

bota / vota

rebelar / revelar

testo / texto

basto / vasto

compre / cómpre


5 Escribe unha oración con cada palabra das parellas que marcaches na actividade anterior.

- _____
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

6 Completa as oracións con contraccións dos demostrativos axeitados e os indefinidos *outro / outra / outros / outras*.

- A túa maleta non é esta, é _____ que está alí onda a porta.
- Esta chaqueta de cadros non me gusta, prefiro _____ que tes na man.
- Non me deas aqueles plátanos do andel, dáme _____ que están aquí no mostrador.
- Non comas ese pan reseco, toma _____ que acabamos de traer.

Nome _____ Data _____

1 Le o texto sobre o uso do artigo co posesivo e resolve as cuestións posteriores.

Uso do artigo co posesivo

En galego, cando o posesivo acompaña un substantivo desempeñando a función de determinante, adoita ir precedido por outro determinante: o artigo. Exemplos: *a nosa escola*, *as súas ideas*. Pero hai unha serie de casos en que o posesivo pode aparecer sen artigo. Algúns dos máis frecuentes son os seguintes:

- Cando o posesivo forma parte dunha expresión coa que chamamos a atención do oínte. Exemplo: *Cibrán, meu amigo, que alegría volver encontrarte!*
- Cando o posesivo acompaña un nome de parentesco. Exemplo: *Meu irmán le moito*. Nestes casos tamén é posible que o posesivo vaia precedido do artigo: *O meu irmán le moito*.

- Cando o posesivo acompaña un nome de parentesco, vai sempre sen artigo?

- Marca as oracións en que é correcta a utilización do posesivo sen o artigo.

- Meu xersei vermello ten capucha e resulta moi abrigoso.
- Se queres vir canda nós, meu neno, terás que bulir.
- Xoel e Sara, meus antigos veciños, viven no centro da vila, a carón da alameda.
- Seu pai e meu tío son moi amigos.

2 Fíxate nas expresións formadas pola preposición *de* e as formas de masculino do posesivo e indica en cada caso cal é o seu significado.

- Xoana ten moita graza de seu, pero hoxe non está animada.
- Pedro non ten casa de seu, vive de alugueiro.
- A pregunta, de seu, non era complicada; pero custounos entendela.
- Nesta vila temos biblioteca de noso.

Indica que algo lle pertence a alguén de forma exclusiva.

Indica que algo é propio ou natural dunha persoa ou cousa.

- 3** Arrodea as contraccións das preposicións cos demostrativos que aparecen neste texto. Despois, cópiaas e indica a partir de que elementos se formaron.



Postal

A fotografía desta postal que che mando reproduce a paisaxe dun amencer. Naquela parte do fondo obsérvase unha casa xunto á praia e, nesta zona central, aparece un pequeno veleiro navegando preto do peirao. Espero que sirva para que te lembres daqueles días de vacacións que pasamos xunto ao mar.

- _____ ▶ _____
- _____ ▶ _____
- _____ ▶ _____
- _____ ▶ _____

- 4** Relaciona o posesivo de cada oración co número de posuidores a que fai referencia.

- Os teus compañeiros da clase son máis vellos ca ti.
- Xulia, a nosa nova veciña, é profesora de lingua.
- As miñas viaxes adoitan ser moi divertidas.
- Que tema escollestes para o voso traballo?

un posuidor

varios posuidores

- 5** Arrodea a sílaba tónica das palabras de cada serie e forma con esas sílabas unha nova palabra. Ten en conta que se a sílaba tónica tiña acento gráfico, na nova palabra debes mantelo.

xeo onda filloa

▶ _____

sofá abrigo escada

▶ _____


areal semana céntrico

▶ _____

- 6** Pronuncia as palabras que se propoñen e completa cada oración coa que corresponda.

- área / area ▶ Precizaron un camión de _____ para facer a obra.
- cortes / cortés ▶ Leonardo é moi _____; de feito, sempre nos trata moi ben.
- recua / recúa ▶ Unha _____ de turistas subía polas rúas, cara á praza.
- páxina / paxina ▶ Na primeira _____ do álbum hai unha foto da avoa coa súa irmá.

Nome _____ Data _____

1 Le este texto sobre un tipo especial de numerais e resolve as cuestións posteriores.**Os numerais colectivos**

Os numerais colectivos son un tipo especial de numerais que se empregan para nomear un número exacto de unidades consideradas como un conxunto. Cando acompañan un substantivo, estes numerais van seguidos da preposición *de*.
Exemplos: unha **ducia** de ovos, un **par** de calcetíns.

Algúns destes numerais colectivos son os seguintes:

- 2 ► par
- 12 ► ducia
- 30 ► trintena
- 100 ► cento, centena
- 3 ► trío
- 15 ► quincena
- 40 ► corentena
- 1000 ► millar, milleiro
- 10 ► decena
- 20 ► vintena
- 50 ► cincuenta

- Marca a opción correcta.

Os numerais colectivos nomean conxuntos formados...

por un número exacto de unidades. por un número indeterminado de unidades.

- Que diferenza existe entre as expresións «unha ducia de sobres» e «o décimo sobre»?

- A que cantidade exacta de sobres fai referencia cada unha das expresións anteriores?

2 Substitúe os numerais ordinais por numerais colectivos.


- Gañou porque tiña tres ases. ► Gañou porque tiña un _____ de ases.
- Tardaron cen anos en construír o edificio. ► Tardaron un _____ de anos en construílo.
- Vai de vacacións os próximos quince días. ► Vai de vacacións a próxima _____.
- Marta fixo trinta anos. ► Marta está na _____.

- 3** Completa o texto substituíndo as cifras que van entre parénteses por un numeral do tipo que se indica en cada caso.

_____ Numeral cardinal

..... Numeral ordinal

..... Numeral colectivo



Unha viaxe en tren

Era a (3.^a) vez que Xoel viaxaba en tren. Fronte a el ían sentados un (2) de rapaces máis vellos. O tren faría un total de (10) paradas e el debía baixar na (7.^a) estación.

Cando por fin chegou, viu que a plataforma estaba ategada de xente: había polo menos un (100) de persoas agardando!


- 4** Completa cada oco cun indefinido axeitado para que a oración teña sentido.

- _____ lle dixo _____ que o deixou bastante preocupado.
- A min non me sirvas caldo, que teño _____ fame.
- _____ sabe _____ de Lucas? Teño _____ gana de falar con el.

- 5** Arrodea e copia en cada caso a palabra correcta. Se o precisas, consulta o dicionario.



cíclope / ciclope



réptiles / reptís



fútbol / futbol



olimpiadas / olimpíadas



chófer / chofer



petroglifo / petróglifo



heroe / héroe



atmosfera / atmósfera

Nome _____ Data _____

- 1** Le o texto sobre a forma dalgúns adxectivos en grao superlativo e resolve as cuestións posteriores.



Superlativos latinos

O superlativo pódese formar de varios xeitos. Algúns dos máis habituais son: engadir antes do adxectivo o adverbio *máis* precedido de artigo (*o máis simpático*), ou engadirlle ao adxectivo a terminación **-ísimo** (*simpatiquísimo*).



Pero, ademais, consérvanse algúns adxectivos que son superlativos procedentes directamente do latín. Por exemplo, podemos dicir *óptimo*, en lugar de *boísimo*, e *pésimo*, en lugar de *malísimo*.

Estas formas orixinarias do latín aparecen xeralmente nos textos máis formais.

- Que expresa un adxectivo en grao superlativo? _____

- Como se forma xeralmente o superlativo? _____

- Arrodea os dous superlativos de orixe latina que aparecen en cada oración.



- Estes adxectivos tamén son superlativos. Consulta o dicionario se o precisas e explica o seu significado.



paupérrimo _____



celebérrimo _____

2 Hai palabras que poden funcionar como adxectivos e como substantivos. Marca a palabra de cada parella que é un adxectivo.

- No escaparate da xoiaría hai un anel cun **brillante**.
- Meu pai fregou o chan e deixouno **brillante**.
- Preparou unha torta que mesturaba sabores **doces** e amargos.
- Veunos visitar e truxo unha bandexa de **doces**.
- No **local** que está a carón da farmacia van abrir unha cafetería.
- O equipo **local** gañou hoxe e clasificouse para a final do campionato.

3 Relaciona cada grupo de palabras co concepto correspondente.



- abeto
piñeiro
carballo
castiñeiro



- flor
floreiro
floraría
floreecer

1. FAMILIA DE PALABRAS

2. CAMPO LÉXICO

4 Le a norma e escribe tres palabras máis de cada familia.

As palabras que pertencen á mesma familia coinciden parcialmente na forma porque proceden dun mesmo termo. Así, se *abella* se escribe con **b**, tamén levan **b** *abellón*, *abelleiro*, *abelloar*, *abellariza*...



• barca

• barba



5 Completa estas palabras co ditongo ou co hiato axeitado.

oi

oí

ua

úa

ei

eí

ia

ía

• prot_____na

• beirrarr_____

• eg_____smo

• ousad_____

• ol_____ro

• c_____dado

• ped_____tra

• carr_____xe

Nome _____ Data _____

- 1** Le este texto sobre un dos usos especiais das persoas verbais. Despois, marca a resposta correcta ás preguntas que se formulan.

Podería dicirme
que hora é?



Uso dos verbos cos tratamentos de cortesía

Cando preguntamos *Podería dicirme que hora é?*, dirixímonos á persoa que temos diante e non a un terceiro; polo tanto, o normal sería que o verbo fose en segunda persoa. Entón, por que se usa a terceira persoa? Emprégase porque, cando falamos cunha persoa maior ou descoñecida e utilizamos o pronome *vostede* para referirnos a ela, ese tratamento de cortesía require o uso da terceira persoa no verbo. Por iso dicimos *Vostede sabe moito* e non **Vostede sabes moito*.

- Cando utilizamos o pronome de cortesía *vostede*?
 - Cando falamos con alguén que coñecemos.
 - Cando falamos con alguén que non coñecemos ou cunha persoa maior.
- A que persoa nos referimos en realidade cando empregamos o pronome *vostede* / *vostedes*?
 - Á segunda, a que temos diante nunha conversa.
 - Á terceira, a que non está presente na conversa.
- En que persoa van as formas verbais que usamos co pronome *vostede* / *vostedes*?
 - En 2.^a persoa de singular e de plural, respectivamente: *vostede queres*, *vostedes queredes*.
 - En 3.^a persoa de singular e de plural, respectivamente: *vostede quere*, *vostedes queren*.

- 2** Volve escribir este anuncio utilizando nel o tratamento de cortesía (*vostedes*).

Benqueridos clientes:

Se desexades coñecer as novas ofertas de viaxes, pasade pola nosa axencia. Os cen primeiros conseguiredes un fantástico xogo de maletas. Non esperedes máis e aproveitade a oportunidade!

Benqueridos clientes:

Se desexan coñecer as novas ofertas de viaxes, _____

3 Risca en cada grupo o termo que non deriva da palabra primitiva proposta.

• libro ▶ libraría libreiro librepensador libresco

• mar ▶ mariña mariñeiro maraña marítimo

• horta ▶ hortaliza hortensia horticultor horticultura

4 Escribe tres palabras derivadas de cada unha das seguintes palabras primitivas. Usa o dicionario se o precisas.

• pedra ▶ _____


• persoa ▶ _____

• papel ▶ _____

5 En cada oración hai dúas palabras que só se diferencian no acento gráfico. Arrodéaaas e copia cada unha diante da definición correspondente. Se o precisas, consulta o dicionario.

• A nai de Alberte e Carme é cantante de ópera.

_____ ▶ Verbo *ser*. _____ ▶ Conxunción.



• As camisetas dos nenos teñen unhas ás debuxadas.

_____ ▶ Extremidades das aves. _____ ▶ Artigo.

• O gato só miaña cando está no tellado so o ceo estrelado.

_____ ▶ Adverbio. _____ ▶ Preposición.



• Compre xa o noso aspirador; se ten can na casa, seguro que lle cómpre.

_____ ▶ Presente de *cumprir*. _____ ▶ Imperativo de *comprar*.

• Fixen un nó tan apertado no zapato que non o daba desatado.

_____ ▶ Lazo. _____ ▶ Contracción de *en + o*.



Nome _____ Data _____

1 Le este texto sobre algúns usos do presente e resolve as cuestións posteriores.



Usos especiais do presente de indicativo

En xeral, usamos os verbos en tempo presente para referirnos ao momento actual. Pero tamén podemos empregar ese tempo para falar de acontecementos pasados e futuros. Por exemplo, nalgúns libros de historia, é frecuente que se conten en presente algúns feitos ocorridos hai moitos séculos: *No ano 1075 comeza a construción da catedral de Santiago*. Deste xeito, o autor consegue aproximarlles eses feitos aos lectores.

O tempo presente tamén pode empregarse para expresar accións futuras: *Vémonos mañá!* Ao utilizar este tempo, esas accións parecen máis próximas e seguras.

- A que tres momentos podemos facer referencia cando empregamos un verbo en presente?

- Que conseguimos se usamos o presente para explicar feitos do pasado? _____

- E se usamos o presente para expresar accións futuras? _____

- Copia estas oracións poñendo os verbos en presente.

Na Idade Media fundáronse moitas universidades.

Moi ben, Xoana, xa falaremos a semana que vén.

2 Volve escribir as oracións poñendo os verbos en pasado ou en futuro, segundo corresponda.

- Rosalía de Castro nace no século XIX. ► _____

- A semana próxima teño dous exames. ► _____

- En 1969 o home chega á Lúa. ► _____

3 Copia as seguintes palabras onde corresponda. A continuación, responde a pregunta.


- abrecartas
- salvamento
- baixamar
- crebadizo
- salvavidas
- baixeza
- crebacabezas
- abridor

	DERIVADA	COMPOSTA
abrir		
crebar		
salvar		
baixo		

• En que se diferencia unha palabra derivada dunha palabra composta? _____

4 Lembra os usos da coma e escribe onde corresponda as cinco comas que faltan no texto.

A coma emprégase para separar os elementos dunha enumeración, para facer unha aclaración no medio dunha oración e para separar, dentro dunha oración, o nome da persoa a quen nos diriximos.



Nome _____ Data _____

- 1** Le este texto sobre a voz activa e a voz pasiva dos verbos, e resolve as cuestións posteriores.



Voz activa e voz pasiva

Cando nos dispoñemos a comunicar algo, podemos facelo destacando uns aspectos ou outros do feito que imos transmitir. Segundo o que decidamos destacar, a oración con que expresemos ese feito ha ter unha forma ou outra.

- Se ao expresar unha acción nos interesa destacar quen a realiza, o verbo vai en **voz activa**. Exemplo: *O axudante de cociña preparou a masa.*
- Cando queremos destacar máis ben a persoa ou o elemento que padecen a acción, o verbo vai en **voz pasiva**. Exemplo: *A masa foi preparada polo axudante de cociña.*

As dúas oracións transmiten a mesma información, pero na primeira destácase quen realiza a acción (*o axudante de cociña*) e na segunda destácase o elemento que recibe ou experimenta a acción (*a masa*).

A voz pasiva dun verbo constrúese empregando un verbo auxiliar, o verbo *ser* (no tempo, número e persoa correspondentes), seguido do participio do verbo que se quere conxugar. Exemplo: *el axuda ► el é axudado.*

- Explica que nos interesa destacar dunha acción cando a expresamos cun verbo en voz pasiva.

- Pasa á voz pasiva as seguintes construcións prestando atención ao tempo expresado polos verbos.

elas avisan ► _____ ti abandonaches ► _____

vós readmitistes ► _____ eu quero ► _____

- Transforma as oracións para destacar en cada caso o elemento que recibe a acción expresada polo verbo.

Marta cambiou a lámpada queimada. ► A lámpada queimada foi _____

Moita xente viu aquela película. ► _____

O director pronunciou o discurso. ► _____

O doutor examina o doente. ► _____



2 Le a seguinte información e resolve a cuestión posterior.

Ás veces, por influencia do castelán, cometemos o erro de conxugar de forma irregular algúns verbos que en galego son completamente regulares. Isto ocorre con certos verbos rematados en *-ucir*, para os que se empregan formas como **introduxo* e **traduxo*, en lugar das correctas *introduciu* e *traduciú*. A causa deste erro é que se están a adaptar as formas castelás *introdujo* e *tradiujo*, pois nesa lingua estes dous verbos son irregulares.

- Escribe a terceira persoa de singular do pretérito perfecto de indicativo dos seguintes verbos.

deducir	_____	inducir	_____	introducir	_____
conducir	_____	producir	_____	reproducir	_____

3 Separa o prefixo con que se formou cada palabra seguindo o modelo do exemplo.

- | | | | | | |
|--------------------|---|-----------------------|------------------|---|-------|
| • preescolar | ▶ | <u>pre- + escolar</u> | • prerromano | ▶ | _____ |
| • subgrupo | ▶ | _____ | • subacuático | ▶ | _____ |
| • reanimar | ▶ | _____ | • readmitir | ▶ | _____ |
| • intravenoso | ▶ | _____ | • intramuscular | ▶ | _____ |
| • extraterritorial | ▶ | _____ | • extraterrestre | ▶ | _____ |
| • antigripal | ▶ | _____ | • antirrobo | ▶ | _____ |

4 Escribe cada prefixo anterior a carón do significado que achega.

- | | | |
|----------------------------|--|-----------------------------------|
| • _____ ▶ Acción repetida. | • _____ ▶ Dentro, no interior de algo. | • _____ ▶ Inferior a algo. |
| • _____ ▶ Anterior a algo. | • _____ ▶ Fóra, no exterior de algo. | • _____ ▶ Protección contra algo. |

5 Estas oracións están mal puntuadas. Corríxeas introducindo o punto e coma onde sexa necesario.

- A Rosa dá-selle moi ben o surf, con todo, practícao poucas veces.



- O grupo de Xosé ten moitas actuacións: o catorce, na festa de Poulo, o dezasete, na de Muros e o vinte e cinco, na de Foz.



Nome _____ Data _____

- 1** Le este texto sobre a formación de adverbios a partir de adxectivos e resolve as cuestións posteriores.



Adverbios formados a partir de adxectivos

Existen algúns procedementos para formar adverbios a partir de adxectivos. Dous dos máis frecuentes son os seguintes:

- Engadirlle a terminación *-mente* á forma feminina dun adxectivo. Exemplo: *rápida* ► *rapidamente*. Estes adverbios xeralmente expresan circunstancias de modo.
- Utilizar a forma masculina dun adxectivo como unha palabra invariable que funciona como adverbio. Exemplo: *ordenador rápido* / *ordenadores rápidos* (adxectivo, palabra variable); *que rápido se conecta o ordenador* / **que rápidos se conectan os ordenadores* (adverbio, palabra invariable).

- Pon dous exemplos de adverbios rematados en *-mente* que se formasen a partir de adxectivos.

- Que diferenza existe entre o adxectivo *rápido* e o adverbio *rápido*?

- 2** Marca a oración de cada parella en que a palabra destacada é un adverbio. Despois, contesta.

- Brais e Mariña acenderon o tablet **xusto** á vez.
- O noso monitor é moi **xusto** á hora de repartir as tarefas.
- Deixa a fiestra **medio** aberta, que vai moita calor.
- Sobrou **medio** melón e gardámolo para a merenda.
- Estevo vive nun edificio **baixo**, de dúas plantas.
- Fala **baixo**, que meu irmán está durmindo.



- Que tipo de palabras son os termos destacados que non marcaches? _____
- Que característica dos adverbios che permitiu recoñecelos? _____

- 3** Forma e escribe todas as palabras que poidas combinando elementos de dúas ou de tres columnas. Usa o dicionario se o precisas.

des- in-	humano	-idade	_____	_____
		-izar	_____	_____
		-itario	_____	_____
		-mente	_____	_____
		-ismo	_____	_____
		-ista	_____	_____

- 4** Le a norma e completa o cadro.

Escríbese **guión** (-) ao final da liña cando se parte unha palabra que continúa na liña seguinte. Para dividir palabras hai que ter en conta estas regras:

- As palabras divídense por sílabas, así que non se poden separar os ditongos (*moi-to*, non *mo-ito*), nin os dígrafos (*algu-nha*, non *algun-ha*), pois forman parte dunha única sílaba.
- Non se pode deixar unha vogal soa nin ao final nin ao principio da liña.
- Os grupos consonánticos **bl**, **br**, **cl**, **cr**, **dr**, **fl**, **fr**, **gl**, **gr**, **pl**, **pr**, **tl** e **tr** tampouco se poden separar. En cambio, o grupo **cc** pódese dividir, porque cada c pertence a unha sílaba distinta.

Palabras	Sílabas	Particións posibles
antevéspera	<i>an-te-vés-pe-ra</i>	<i>an-tevéspera / ante-véspera / antevés-pera / antevéspe-ra</i>
infección		
chafalleiro		
exemplificar		
azalea		
transcendencia		
ningunha		
abrillantador		
adiñeirado		

Nome _____ Data _____

- 1** Le o texto sobre algúns verbos que precisan complementos con preposición e resolve as cuestións posteriores.



Verbos que requiren preposición

Hai certos verbos que, para expresar un significado, precisan ir acompañados dun complemento introducido por unha preposición. Exemplos: *chegar a un lugar*, *loitar contra algo...*

Algúns deses verbos poden combinarse con diferentes preposicións e, desa forma, expresan contidos diversos. Exemplos: *quedar nun lugar / quedar con alguén*; *falar de alguén / falar con alguén*.

- Pon dous exemplos de verbos que se constrúan cun complemento encabezado por preposición e escribe unha oración con cada un deles.

- Marca a preposición que pode acompañar a cada verbo.

casar

de

sobre

con

crer

con

en

para

- Engádelle a cada verbo un complemento introducido pola preposición que se indica.

a

Convidounos _____

Chegamos _____

Saíches _____

en

Metinme _____

Converteuse _____

Viven _____

de

Ríronse _____

Falamos _____

Nome _____ Data _____

1 Le o texto sobre os complementos do nome e resolve as cuestións posteriores.**Os complementos do nome**

Os substantivos que funcionan como núcleo dun grupo nominal poden levar, ademais dun determinante, un ou varios complementos.

- Un tipo de complemento do nome moi habitual é o adxectivo. Exemplo: *un cómic divertido*.
- Tamén son habituais os complementos do nome introducidos por preposición. Exemplos: *un cómic de aventuras*, *un vaso con auga*.

Os grupos nominais poden ser máis ou menos complexos e longos, dependendo da cantidade de complementos que acompañen o núcleo. Exemplos: *vaso de auga* (núcleo + un complemento); *vaso de cristal* (núcleo + un complemento); *vaso grande de cristal con auga* (núcleo + tres complementos).

- Explica por que é falsa cada unha das seguintes afirmacións.

O adxectivo é o único tipo de complemento que pode levar un nome. ► _____

Cada substantivo pode ir acompañado dun único complemento ► _____

2 Analiza os compoñentes de cada grupo nominal seguindo o modelo do exemplo.

- Un día de verán caloroso. ► *Determinante (un) + núcleo (día) + complemento (de verán) +*
complemento (caloroso).

- O pantalón de raias novo. ► _____

- Unha noticia boa. ► _____

- Aquela pequena aldea de montaña. ► _____

3 Engádelle a cada substantivo o complemento ou complementos que se indican.

complemento con preposición

• cunca ► _____

adxectivo

• pozo ► _____

adxectivo + compl. con preposición

• vestido ► _____

4 Converte estas viñetas nun texto narrativo, utilizando os dous puntos cando sexa necesario.



Un home que está a perder o cabelo vai un día á farmacia e preguntalle ao boticario: «Ten algún

5 Le a norma sobre o uso dos dous puntos. Despois, introdúceos na oración que os precise.

Os dous puntos introducen unha enumeración que se anuncia. Exemplo: *Gústanme moitas froitas: o plátano, a pera, a piña, a laranxa...* Pero se a enumeración comeza directamente, sen ningunha palabra que a anuncie, non se utilizan os dous puntos. Exemplo: *Gústanme o plátano, a pera, a piña...*

Onte fomos ao cine Xela,
Paulo, Martiño e mais eu.



Na vila dos avós hai moitas cousas
que visitar a praza, o miradoiro, a fraga...



Nome _____ Data _____

1 Le este texto sobre o enunciado e os seus tipos e resolve as cuestións posteriores.**O enunciado. Tipos de enunciados**

Cando nos comunicamos, agrupamos as palabras para expresar ideas. Desta forma, construímos enunciados.

Un **enunciado** é un conxunto de palabras que expresa unha idea completa. Cada enunciado emítese cunha entoación propia e vai separado dos demais por pausas.

O enunciado pode estar formado por unha única palabra ou por un grupo de palabras. Se leva un verbo e, polo tanto, ten forma de oración, é un enunciado **oracional** (*Chove moito.*); se carece de verbo é un enunciado **non oracional** (*Que trebón!*).

Existen varios tipos de enunciados, segundo o contido que expresen e a intención con que se emitan:

- Os enunciados **declarativos** son aqueles en que se afirma ou nega algo. Exemplo: *Hoxe choveu.*
- Os enunciados **interrogativos** son aqueles en que se expresa unha pregunta. Exemplo: *Que tempo fixo onte?*
- Os enunciados **exclamativos** son os que comunican unha mensaxe expresiva: sorpresa, alegría, un desexo... Exemplo: *Canto choveu onte!*
- Os enunciados **imperativos** son os que expresan ordes. Exemplo: *Colle o paraugas, que chove!*

- Que característica debe ter un grupo de palabras para ser un enunciado? Marca.

 Ter verbo.

 Ter sentido completo.

 Ter máis dunha palabra.

- Indica de que tipo é cada un dos seguintes enunciados.

Achégame o abrigo. ► _____

Non teño fame. ► _____

2 Transforma cada enunciado noutro do tipo que se indica.

- Carmela apuntouse a natación. _____ imperativo
- Cantos días de vacacións tes! _____ declarativo
- Colle o autobús na estación. _____ interrogativo
- Ao final tocouche a ti a viaxe? _____ exclamativo

3 Marca os grupos de palabras que sexan enunciados.

- Mateo é alpinista. Gato sobre tellado un hai. Que sono!
 Ánimo! Eles come? Non aparcar.



4 Copia cada enunciado non oracional a carón do enunciado oracional que comunica o mesmo.

	Oracional	Non oracional
En serio? De acordo! Que sorte! Que fame!	Teño gana de comer. Non me digas? Es moi afortunado. Coincido contigo.	_____ _____ _____ _____

5 Investiga a que localidade corresponden os xentilicios da esquerda e como se chaman os habitantes das localidades da dereita.

- | | |
|---------------------|--------------------------|
| • cangués ▶ _____ | • Mondoñedo ▶ _____ |
| • chairego ▶ _____ | • Ponte Caldelas ▶ _____ |
| • carballés ▶ _____ | • O Carballiño ▶ _____ |
| • grovense ▶ _____ | • Rianxo ▶ _____ |
| • mugardés ▶ _____ | • Chantada ▶ _____ |
| • burelao ▶ _____ | • A Estrada ▶ _____ |

6 Algúns xentilicios, como os que aparecen a continuación, non se forman cun sufixo. Substitúe a expresión destacada de cada oración polo xentilicio correspondente, no xénero apropiado.

lusitano
 heleno
 xermánico
 galo

- Un museo **de Francia** adquiriu un cadro de Miró. ▶ _____
- Esta cidade **de Grecia** é famosa polos seus restos arqueolóxicos. ▶ _____
- Unha empresa **de Alemaña** fabricou este modelo de automóbil. ▶ _____
- A capital **de Portugal** acollerá un congreso de literatura. ▶ _____

Solucionario

PLAN DE MELLORA

Unidade 1

Ficha 1. A comunicación

1. Un sinal acústico. / Un xesto. / Un sinal visual. / A linguaxe.
2. • Emisor ► Persoa que emite a mensaxe.
• Receptor ► Persoa que recibe a mensaxe.
• Mensaxe ► Aquilo que se comunica.
• Código ► Conxunto de signos usados para comunicarse. • Canle ► Medio a través do cal se produce a comunicación.
3. • Emisor ► Locutor de televisión. • Receptor ► Telespectadores. • Mensaxe ► Ese día comeza o festival de cine. • Código ► Linguaxe.
• Canle ► Televisión.

Ficha 2. Os sons K, Z e G. A diérese

1. Son K de *casa* (de vermello): **coma**, **esquí**, **cornecho**, **queixo**, **camisa**. / Son Z de *cereixa* (de azul): **cebola**, **acivro**, **mazá**, **pozo**, **vez**, **xuíz**, **azul**.
2. **cereixas**, **barca**, **guitarra**, **quiosco**, **canguro**, **esqueleto**, **tartaruga**, **culleres**, **formigas**, **pingüín**, **raqueta**, **buguina**, **azucres**, **lingüeta**, **cabaza**.

Ficha 3. Os animais. O dicionario

1. • O lobo ensínalle a cazar ao lobeto. • Unha bandada de paxaros voa cara ao sur.
2. • A cervo protexe o **cervato**.
• Un **enxame** de abellas voa preto da colmea.
3. 1. bear. 2. cervato. 3. croar. 4. enxame. 5. ouveo. 6. ovella. 7. ra. 8. rato.
4. • xirafa • acabar • bonito • escuro • dátil
• cantar • vistoso • parrulo • ofrecer.

Unidade 2

Ficha 1. A linguaxe e as linguas

1. A linguaxe pode ser oral ou escrita. / No mundo fálanse moitas linguas diferentes.
2. Oral / escrita / escrita / oral.
3. Resposta modelo (RM). En España: éuscaro, catalán, castelán. / En Europa: inglés, francés, italiano. / No resto do mundo: xaponés, chinés, árabe.

Ficha 2. Os sons R forte e R suave

1. Radio, pera, roda, paraugas, carroza. Teñen o son R forte: radio, roda, carroza.
2. • terror ► Ten o son R forte entre vogais e o son R suave ao final. • parra ► Ten o son R forte

entre vogais. • reflexo ► Ten o son R forte ao comezo. • moreira ► Ten dúas veces o son R suave. • enroscado ► Ten o son R forte detrás de consoante. • respirar ► Ten unha vez o son R forte e dúas veces o son R suave.

3. • Os caracois comeron as plantas de Mauro.
• A Brais **receitáronlle** un xarope para a gorxa.
• Farruco sempre **sorrí** cando camiña pola rúa.
• Henrique é unha persoa moi alegre.

Ficha 3. As plantas. Palabras sinónimas

1. ÁRBORE ► bidueiro, álamo, ciprés, sobreira. HERBA ► ourego, tomiño, fiúncho, macela. ARBUSTO ► toxo, xesta, carrasca, silva.
2. • salgueiros • carballeira • faial • piñeiros.
3. A amora é o froito da silva.
4. • Hoxe **descubrín** un niño de pardais nun **amieiro**. • Fixen unha **camiñada** polo campo e collín **sanxoáns**.

Unidade 3

Ficha 1. O substantivo

1. • Na miña **clase** (*feminino, singular*) hai dez **rapaces** (*masculino, plural*) e catorce **rapazas** (*feminino, plural*). • Hai unhas **nubes** (*feminino, plural*) moi negras sobre as **montañas** (*feminino, plural*). • Miña **irmá** (*feminino, singular*) regaloume un **libro** (*masculino, singular*) que ten moitos **contos** (*masculino, plural*).
2. RM. C ► can; P ► Ron / C ► río; P ► Tambre / C ► home; P ► Paulo.
3. Equipo, bosque, bandada, arboredo, orquestra.
4. Home, empanada, mar.

Ficha 2. Signos que pechan oracións

1. Punto e seguido (de azul): **árbore**. / **redondiño**. / **deixou**. / **razón**.
Punto e á parte (de verde): **enganchadas**. / **vez**.
Punto final (de vermello): **ocupado**.
2. Ana e mais eu estamos xuntas na clase. **Ela** ten os ollos verdes e o pelo negro e liso. **É** moi simpática e divertida. **Ademais**, sempre me axuda cando non entendo algunha cousa.
3. • Que calor vai hoxe! • Quen che deu este papel? • Mariña ten unha letra moi bonita. • A cova é moi escura. Que medo dá! • Cando vas vir

xogar á pelota? • Creo que aquela é a túa curmá Uxía.

Ficha 3. A paisaxe. Palabras antónimas

1. Horizontais: lago, río. Verticais: serra, bosque, baía. / • lago • bosque • río • baía • serra.
2. • un bosque **frondoso** • un acantilado **abrupto** • un lago **profundo** • un camiño **empinado**.
3. mesto ► raro / vasto ► pequeno / elevado ► baixo / escarpado ► chairro / ascensión ► descenso.

Unidade 4

Ficha 1. Os pronomes persoais

1. • María quere que **lle** (átono) faga unha coleta coma a que levo **eu** (tónico). • **A nós** (tónico) gústanos (átono) moito ir á montaña. • **Eles** (tónico) chegaron tarde ao concerto porque **se** (átono) perderon. • **Vós** (tónico) anotástesvos (átono) para a excursión do sábado? • Brais sempre di que a **el** (tónico) non **lle** (átono) dá medo nada.
2. • **Elas** chegaron antes ca **vós**. • **Nós** fomos ao río con **eles**. • **El** non pode vir se **ela** non o trae.
3. • Celso aprobouno. • Atoparalas no parque. • Pregúntalles se veñen. • Comprareinos despois.

Ficha 2. Contraccións dos pronomes persoais

1. • deles • neles • delas, del • dela.
2. • Olaia díxoma. • Aínda non **nolo** contou. • Onte presentéillelo.
3. De esquerda a dereita: MO, CHO, LLO, NOLO, VOLO, LLELO / MA, CHA, LLA, NOLA, VOLA, LLELA / MOS, CHOS, LLOS, NOLOS, VOLOS, LLELOS / MAS, CHAS, LLAS, NOLAS, VOLAS, LLELAS.

Ficha 3. As xoias. Palabras polisémicas

1. • Tipos de xoias ► pendentes, aneis, pulseiras. • Calidades ► brillante, hexagonais, macizas.
2. Medalla de ouro / medalla de prata / medalla de bronce.
3. 1. Cada anel do tronco representa un ano de vida da árbore. 2. Gloria ten un anel cun brillante. / A palabra *anel* é **polisémica** porque ten **diversos** significados.

Unidade 5

Ficha 1. Os determinantes. O artigo

1. Artigos determinados: o, as. / Artigos indeterminados: uns, unhas. / Demostrativos: este, aquelas. / Posesivos: miña, teus. / Numerais: primeira, vinte. / Indefinidos: moitos, algunhas.
2. • **o** camiño • **os** labores • **a** arte • **a** crise • **a** dínamo • **os** amigos • **o** diadema • **o** verán • **os** pés • **as** análises.
3. • **uns** xornalistas / **o** reporteiro • **un** libro / **a** película • **A** escritora / **unha** conferencia.

Ficha 2. Escritura de contraccións

1. • Nestes, da, polo. • Dos, nesa. • Desta, nalgunha, ao, do. • Naquela, naqueloutra. • Nesta, noutras.
2. • no, nalgunha. • Naquel, neste. • Desta, aqueloutra. • desas, daquelas, daqueloutras. • noutro, diso.

Ficha 3. O circuío eléctrico. Palabras homónimas

1. 1. desparafusador. 2. martelo. 3. interruptor. 4. lámpada. 5. cravo. 6. pila. 7. cable. 8. parafuso.
2. • A **pila** xera a enerxía eléctrica do circuío. • O **cable** conduce a enerxía eléctrica. • A **lámpada** alumea cando **lle** chega a enerxía eléctrica da pila. • O **interruptor** permite ou impide o paso da electricidade.
3. • Non **varro**, que choveu e está todo cheo de **barro**. • Iria ten un **nabal** detrás da súa casa, que está preto da escola **naval**. • Que **bela** imaxe: o mar cheo de barcos de **vela**.

Unidade 6

Ficha 1. Os demostrativos e os posesivos

1. • Aqueles, ese. • eses, estes. • esta, esa, aquela. • Este, aquel. Proximidade: estes, esta, este / Distancia media: ese, eses, esa / Afastamento: aqueles, aquela, aquel.
2. • meus ► Indica que a persoa que fala posúe varias cousas. • vosa ► Indica que hai máis dun posuidor. • túas ► Indica que o posuidor é a persoa que escoita. • seu ► Pode referirse a un posuidor ou a varios.

Solucionario

PLAN DE MELLORA

Ficha 2. Sílabas tónicas e acento gráfico

1. xo-a-ni-ña: 4 sílabas / mi-ño-ca: 3 sílabas / mos-ca: 2 sílabas / bol-bo-re-ta: 4 sílabas.
2. Deben relacionar o primeiro debuxo (*galiña*) co segundo cadro, que ten tres casas; o segundo debuxo (*porco*) co primeiro cadro, de dúas casas; o terceiro debuxo (*tartaruga*) co cuarto cadro, de catro casas; e o cuarto debuxo (*hipopótamo*) co terceiro cadro, de cinco casas.
3. Hai que arrodear as que se destacan: • **casa** • **ordenador** • **maletín** • **báscula** • **tómbola** • **rotulador** • **sólida** • **música** • **roupa** • **televisor** • **xanela** • **conferencia**.
4. Césta, corréo, calcetin, mascara, violín.

Ficha 3. O espazo. Sentido literal e sentido figurado

1. Estrelas / satélites / Lúa / planetas / cometas.
2. O sentido literal é o significado que a palabra ten en orixe e o que presenta habitualmente. O sentido figurado é o significado que a palabra adquire ao usala de forma expresiva.
3. Aquela moza é Noa Sueiro, a nova **estrela** da canción. / Este rapaz sempre colabora nas tarefas da casa: é unha **xoia**!
4. RM. Literal: O **Sol** é a estrela que nos ilumina. Figurado: O cativo de Xan sempre ri: é un **sol**!

Unidade 7

Ficha 1. Os numerais e os indefinidos

1. • Tomaremos, de **primeiro** prato, sopa; de **segundo** prato, peixe; e de sobremesa, amorodos. • A nai de Martiño ten **corenta** anos e esta é a **sétima** vez que participa no maratón. • Ese monumento é de **mil oitocentos oitenta**, é dicir, construíuse no século **dezanove**.
2. Indefinidos: • algo, calquera. • Algunhas, ninguén. • moitos, poucos. Teñen flexión: Algunhas, moitos, poucos. Son invariables: algo, calquera, ninguén.
3. RM. • Na festa había **moitos** adultos, pero só **tres** nenos. • A **primeira** clasificada dedicoulle o premio a **todas** as persoas que lle axudaran. • Xa o intentou **dúas** veces, pero seguro que á **terceira** vai a vencida.

Ficha 2. Normas de acentuación

1. Estrela / táboa / trevo.
2. Melón, bolígrafo, tobogán, cámara, ambulancia.

3. • **Xoaquín** colocou unha planta no **balcón** da casa. • Vós **fostes** desde **Allariz** ata **París** en **bus**? • O amigo de **Xelís** traballa nunha **fábrica** onde se recicla **plástico**. • **Ramón** dixo que o **exame** de **matemáticas** fora moi **fácil**.

Ficha 3. A Terra. O campo léxico

1. De vermello (elementos da xeografía): Arquipélagos, océanos, vales, macizos. De azul (calidades relacionadas co clima): xélicas, cálidos, húmidos, áridos.
2. Mapa / plano / mapa terráqueo / maqueta.
3. Un grupo de palabras diferentes relacionadas co mesmo tema. Por exemplo: *médico*, *curar*, *doente*... relaciónanse coa *saúde*.
4. Avión, maleta, pasaxeiro, voar, turístico, cruceiro, mapa.

Unidade 8

Ficha 1. O adxectivo: graos

1. Xián é alto. Grao **positivo**. / Ana é máis alta ca Xián. Grao **comparativo**. / Mariña é altísima. Grao **superlativo**.
2. RM. • Saxel é menos grande ca Blarén. • Blarén é tan grande coma Avaril. • Toa é máis grande ca Avaril.
3. • **amplísimo** • **contentísimo** • **belísimo** • **tristísimo** • **negrísimo**.

Ficha 2. Acentuación de ditongos e hiatos

1. • ve-lei-ro • coi-dar • pa-ra-í-so • co-e-llo • bai-le • al-de-án.
2. Palabras con ditongo: veleiro, coidar, baile. Palabras con hiato: paraíso, coello, aldeán.
3. 1. saúdo. 2. raíña. 3. oínte. 4. crúa. O acento gráfico vai sobre as vogais pechadas (*i*, *u*), que son as que hai que arrodear.

Ficha 3. O relevo. Familia de palabras

1. descender / rápidos / montañeiros / canón / vereas.
2. RM. • O **piragüista** baixou o río mantendo o equilibrio para non **envorcar**. • Os **alpinistas** decidiron **explorar** a cova da montaña.
3. RM. camiñar ► camiño, camiñante, camiñada. / campo ► campista, campamento, campestre.

Unidade 9

Ficha 1. O verbo (I)

- Dixo, era. • predín, nevará • fixo, agretasen.
1.^a conxugación: nevou, agretasen.
2.^a conxugación: era, fixo.
3.^a conxugación: dixo, predín.
- abr + ín • pens + arei • mov + eu • ca + eron
• fal + aremos • sub + ín.
- abrir • pensar • mover • caer • falar • subir.

Ficha 2. O acento diacrítico

- RM. • **pré**sa: rapidez con que se fai algo; apuro; **té**: tipo de infusión. • **ás**: membros do corpo das aves que lles permiten voar; **nó**: lazo. • **bó**la: obxecto esférico; **pé**: parte do corpo. • **Có**mpre: forma verbal que expresa que algo é necesario; **pó**las: ramas.
- A persoa que **dá** as instrucións é a adestradora do equipo. • A miña amiga Marcela **é** italiana.
• Lois tivo un accidente coa bicicleta e rompeu un **ó**so da perna. • Se non **vén** á excursión, terá que quedar na casa.

Ficha 3. O tempo. Palabras primitivas e derivadas

- 2.^a imaxe. • 1.^a imaxe. • 2.^a imaxe.
- O termómetro serve para medir a temperatura. • O catavento indica a dirección do vento. • O pararraios protexe os edificios das descargas eléctricas. • O pluviómetro mide a cantidade de auga de choiva que cae.
- sarabiar ► sarabia • neboento ► néboa
• chuvia ► chuvia • nubeiro ► nube
• nevarada ► nevar.

Unidade 10

Ficha 1. O verbo (II)

- Laura **irá** a un concerto de música clásica. ► Tempo futuro. Pasado: Laura **foi** a un concerto (...).
• Ti **explicaches** moi ben a lección. ► Tempo pasado. Presente: Ti **explicas** moi ben a lección.
- Unha orde afirmativa ► IMPERATIVO / un desexo ► SUBXUNTIVO / un feito real ► INDICATIVO / unha posibilidade ► SUBXUNTIVO.
- viu ► indicativo • chegue ► subxuntivo
• fai ► imperativo • choverá ► indicativo.

Ficha 2. A coma

- A. Utilízase a coma para separar o nome da persoa a quen nos diriximos. / B. Utilízanse as comas para separar os elementos dunha enumeración. / C. Utilízase a coma para incluír unha aclaración dentro dunha oración.
- Paio, o amigo do meu fillo, toca o tambor (...). • Vai á carnizaría e compra coello, zancos de polo e vitela. • A Raúl e a Fina, os meus curmáns, gústanlles o tenis, o baloncesto e o xadrez. • Vicenta, a mestra de Tomé, gañou (...). • Antón, Xián, Saleta e Minia van (...).

Ficha 3. O parque acuático. Palabras simples e compostas

- mergullarse • flotar • escorregar • lanzarse.
- Colchón / monitor / trampolín / socorrista.
- contagotas • sacarollas • salvavidas
• altofalante.
- Son o **parasol**.

Unidade 11

Ficha 1. O verbo (III)

- Hai que arrodear o destacado: • **alcemos** ► **alzar** • **temeu** ► **temer** • **bebía** ► **beber**
• **busques** ► **buscar** • **fregue** ► **fregar**
• **rega** ► **regar** • **dancei** ► **danzar** • **canta** ► **cantar**.
- gu ► g; c ► z; qu ► c. • Os cambios que observaches na raíz deste verbos son simplemente ortográficos (...). • Son regulares.
- Quero, quixen, quererei. É un verbo irregular.
• Debato, debatín, debatarei. É un verbo regular.
• Vou, fun, irei. É un verbo irregular.

Ficha 2. O punto e coma

- Na miña clase hai compañeiros chegados de diferentes lugares: Micaela é da Arxentina; Duarte, de Coímbra; Hamza, de Nador; Dorina, de Bucarest; e Cristina, de Lima.
- Lexionarios, soldados romanos, prestade atención. A primeira centuria montará as tendas, os estandartes e as estadas; a segunda construírá os muros; a terceira cavará a foxa arredor deses muros; e a cuarta erguerá as torres. Parecerémolles invencibles aos inimigos; con todo, non nos debemos durmir, porque os adversarios sempre están á espreita!

Solucionario

PLAN DE MELLORA

3 e 4. RL.

Ficha 3. O centro comercial. A prefixación

1. Biblioteca, autoestrada, zoolóxico, concello, escola.
2. • Este supermercado sempre está **cheo** porque fan boas **ofertas**. • Nesta tenda a roupa é **barata**, pero moi **rechamante** para o meu gusto. • No **escaparate** desta pastelería sempre hai uns doces moi **apetitosos**.
3. • **imposible** • **desfacer** • **impar** • **desmontar** • **destapar** • **inmóbil** • **impuro** • **despintar**.

Unidade 12

Ficha 1. O adverbio

1. A. alí, preto. B. ben, estupendamente. C. mañá, agora. D. abofé, si. E. bastante, pouco.
2. Tempo: mañá, agora. / Lugar: alí, preto. / Modo: ben, estupendamente. / Cantidade: bastante, pouco. / Afirmación: abofé, si.
3. • **tampouco** ► negación • **cedo** ► tempo • **claramente** ► modo • **máis** ► cantidade.

Ficha 2. A partición de palabras. O guión

1. • ca-rrei-ra • mou-cho • es-cra-vo • pa-lla-so • es-tra-ño • co-chei-ra • xo-gue-te • gui-ta-rra • lin-gua.
2. Campio-nato / cárce-re / pallei-ros. Corrixidas: es-tranxeiro ou estran-xeiro / al-gunha ou algu-nha / es-querda ou esquer-da.
3. **Dúas sílabas:** frou-xo, cien-cia, au-ga, ca-rie.
Tres sílabas: tar-dí-o, vio-len-cia, fa-e-na, his-to-ria.
Catro sílabas: por-ta-rí-a, es-va-e-cer, a-é-re-o, in-cons-cien-te.

Ficha 3. A tenda de antigüidades.

A sufixación

1. teléfono / ferro de pasar / máquina de escribir / cómoda / espello.
2. RESTAURADORA / TRANSPORTISTA / ANTICUARIO.
• O **anticuario** vende (...). / • A **restauradora** repara (...). / • O **transportista** descarga (...).
3. • **famoso** • **cullerón** • **carteiro** • **pianista** • **zapataría** • **sardiñada** • **cadriño** • **laranxeira**.

Unidade 13

Ficha 1. As preposicións, as conxuncións e as interxeccións

1. • refresco **con** cafeína / refresco **sen** cafeína • botar **a** correr • punto **de** vista • listo **para** usar • contar **ata** dez • libro **de** ciencia / libro **sobre** ciencia.
2. RM. • Lavou toda a louza **e** fregou ben o chan. / **Nin** lavou toda a louza **nin** fregou ben o chan. • Non viñeron á nosa casa o martes, **senón** o mércores. • Marchades de viaxe hoxe **ou** mañá? • Pensei que Bieito tiña unha irmá, **pero** ten dúas.
3. –**Ola** Xurxo! Que che pasou no pé? (...) / –**Vaites!** Síntoo moito. **Oxalá** te recuperes axiña! **Abur!**

Ficha 2. A raia e as parénteses

1. (...) –Paulo, está máis lonxe a Lúa ou Rusia? / –Rusia está máis lonxe –contestou Paulo, sen dubidar un segundo–, porque a Lúa vese desde a ventá da miña casa, pero Rusia non.
2. • Introduce as palabras dun personaxe: –Paulo, está máis lonxe (...) / –Rusia está (...). • Intercala unha aclaración do narrador na intervención dun personaxe: (...) –contestou Paulo, sen dubidar un segundo– (...).
3. –Mamá! –exclamou o mozo un chisco preocupado–. Viches o meu reloxo?
4. RM. • Este verán iremos a Roma (Italia). • O anuncio publicouse no DOG (Diario Oficial de Galicia). • Ese pazo construíuse no ano 1753 (século XVIII).

Ficha 3. O poboado prehistórico. Os sufixos diminutivos

1. • **cabana** • **corte** • **celeiro** • **cerrado**.
2. • Os cazadores (...) coas **lanzas**. • O oleiro elabora **vasillas** (...). • O tecelán utiliza un **tear** (...). • Os mozos (...) cuns **arpóns**.
3. Abelliña (de *abella*) / feituca (de *feita*) / floriñas (de *flores*) / meliño (de *mel*).

Unidade 14

Ficha 1. O grupo nominal

1. RM. O neno durmido / Unha división fácil / Aquel atarefado albanel / A hábil condutora.
2. • preguntas difíciles ► Núcleo + Complemento. • Meu avó ► Determinante + Núcleo. • dúas mazás saborosas ► Determinante + Núcleo + Complemento.

3. RM. **algunhas** follas cuadriculadas / ese veciño **agradable** / o meu irmán pequeno.

Ficha 2. Os dous puntos

1. • Cando chegou díxolle: «Por que (...)». ► Cita exacta. • Mercarei algunhas cousas: peixe (...). ► Enumeración anunciada. • Cando deron as once, a mestra dixo: «Todos ao patio!». ► Cita exacta. • Virán cear uns amigos: Brais (...). ► Enumeración anunciada.
2. O pastel de mazá faise con estes ingredientes: mazás, manteiga, masa de follado e marmelada.
3. RM. A nai preguntou: «Tomé, que che pasou?», e o fillo respondeu: «Caín nun estanque!».

Ficha 3. A casa romana. Os sufixos aumentativos

1. recostados / comedor / mosaico / patio / mármore / axeonllado / madeira / sentada / estanque.
2. • cochazo • xogadaza / xogadón • casonas / casazas • sorpresaza • mandona.

Unidade 15

Ficha 1. A oración. O texto

1. • Transmítiunos a mensaxe. • Rega as plantas a diario. • É ourensán.
2. Hai que subliñar o que se reproduce e arrodear as palabras que se destacan: • **adormeceu** pola tarde na cadeira do salón. • **pediulle** a Uxía a súa bicicleta nova. • Hoxe na escola **preguntounos** por ti. • Esa froita fresca da cociña **tróuxoa**.
3. O sábado Xavier convidounos a xantar na súa casa. Preparou unha empanada de bacallau, unha pescada ao forno e unhas filloas con mel. Todo estaba delicioso!

Ficha 2. Os puntos suspensivos

1. • Indican que a enumeración está incompleta. • Interrompen a oración para suxerir sorpresa. • Interrompen a oración para suxerir temor.
2. RM. **1.** Ao fregar a lámpada, esta comezou a vibrar e... saíu un xenio! ► Interrompen a oración para suxerir sorpresa. **2.** Xusto antes de alcanzar a meta... picouse unha roda! ► Interrompen a oración para expresar desilusión. **3.** Fomos ao mercado e trouxemos alimentos variados: ovos, peixe, froita, carne... ► Indican que a enumeración está incompleta.

Ficha 3. O torneo. Os xentilicios

1. • Os cabaleiros **cantaban** para conseguir fama e o favor das damas. ► Os cabaleiros **loitaban** para conseguir (...). • O público dos torneos **aburría** moito aos cabaleiros que participaban. ► O público dos torneos **aplaudíalles** moito (...). • O cabaleiro de negro **pintou** ao cabaleiro de amarelo coa maza e derrubouno do cabalo. ► O cabaleiro de negro **golpeou** ao cabaleiro (...). • O soldado subiu ao cabalo e **camiñou** sen descanso ata o castelo do rei. ► O soldado subiu ao cabalo e **cabalgou** sen descanso (...).
2. 1. CASCO. 2. ESPADA. 3. COIRAZA. 4. ESCUDO. 5. LANZA.
3. • Malpica • Ourense • Vigo • Roma • Allariz • China • Cuba • Baiona.

Solucionario

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

Unidade 1

Aprendo máis

- Utilizan sinais visuais: realizan unha danza coa que indican a localización das flores a través de distintos movementos e da duración destes. • Utilizan sinais visuais (saltos) e sinais acústicos (chíos, ronquidos...). • Os humanos comunícanse de varias formas, pero fundamentalmente fano a través da linguaxe (oral ou escrita). A linguaxe é un sistema de comunicación moito máis complexo ca o que empregan os animais, e con el pode construírse un número infinito de mensaxes.
- Braille ► Sistema de lectura e escritura en que as letras se representan con puntos en relevo... / Escritura xeroglífica ► Sistema de escritura en que os conceptos se representan por medio de debuxos. / Lingua de signos ► Código baseado en xestos e sinais visuais feitos coas mans e con outras partes do corpo.
- Nesta comunicación, o emisor e o receptor coinciden no tempo, é dicir, no momento en que se comunican.
- Correo electrónico / chat / blog.
- *aparquei* • *chuvisque* • *colgues* • *abrigaches*.
- O son **K** non se representa sempre coas mesmas letras: diante de *e*, *i* represéntase con **qu** e diante de *a*, *o*, *u* represéntase con **c**. Por iso, en *picou* o son **K** represéntase con **c** e en *piquei* represéntase con **qu**. O mesmo ocorre en *aparquei* / *aparcou*, *chuisca* / *chuvisque*.
O son **G** tamén se representa con letras distintas: con **gu** diante de *e*, *i* e con **g** diante de *a*, *o*, *u*. Por iso se representa con **gu** en *colgues* e con **g** en *colgarei*. O mesmo sucede en *abrigueime* / *abrigaches*.

Unidade 2

Aprendo máis

- Proceden do latín. • RL. • Entenderase mellor cun italiano, porque o galego e o italiano son linguas da mesma familia, a románica, e ao ter unha orixe común mostran certas semellanzas.
- De esquerda a dereita e de arriba abaixo: *braccio* / *foot* / *pão* / *livre* / *sohn* / *mano*.
- É de Cataluña e fala catalán. ► É do País Vasco e fala éuscaro. • O éuscaro.

- RM. • O león do zoo está nunha gaiola porque é un animal **fero**. Os antigos loitadores usaban lanzas de **ferro** moi resistentes. • Espertounos o **choro** do meniño. Abriu a billa de golpe e o **chorro** de auga que saíu mollouno todo. • No inverno chegamos a alcanzar os tres graos baixo **cerro**. A ermida está na cima daquel **cerro**. • Fixen unha **careta** para o Entroido. Cargou os sacos na **carreta** para transportalos.
- Otorrinolaringólogo.
- Forte (vermello): otorrinolaringólogo.
Suave (azul): otorrinolaringólogo.
O otorrinolaringólogo é o médico especialista no oído, no nariz e na gorxa.

Unidade 3

Aprendo máis

- Que ten variación de xénero significa que se pode usar en masculino e en feminino; que ten variación de número significa que se pode usar en singular e en plural. • Os axentes puxéronlle as **esposas** ao detido. / Os **mioios** están dentro do cranio. / Xurxo usa **lentes**.
- o corte ► Acción e efecto de cortar ou cortarse. • a corte ► Lugar onde se garda o gando. • o capital ► Conxunto de bens dunha persoa ou empresa. • a capital ► Cidade onde residen o goberno ou a administración dun país ou provincia. • o terminal ► Dispositivo conectado a un ordenador que recibe e envía información. • a terminal ► Instalacións dun aeroporto onde os pasaxeiros agardan.
- animais • coles • xeles • candís • réptiles • aneis • mísiles • actuais • cónsules • aerosois • riles • azuis.
- Dous abrelatas / moitos lapis / varios viraventos / uns atlas. • Son substantivos individuais.
- Viñeron todos. ► Viñeron todos? ► Viñeron todos! / Tardaches moito. ► Tardaches moito? ► Tardaches moito! / A comida está boa. ► Está boa a comida? ► Que boa está a comida!

Unidade 4

Aprendo máis

- Consiste en utilizar formas de plural (en verbos e pronomes), aínda que sexa unha única persoa a que fala, para non asumir en solitario toda a responsabilidade ou o mérito do que se di. • Adoita empregarse en situacións

formais e en textos científicos ou académicos.

- As revisión oftalmolóxicas. Por Saleta Piñeiro.
2. Analizamos moitas lambetadas e podemos afirmar que achegan poucos nutrientes. En cambio, poden causar carie e obesidade. Por iso, recomendamos que se consuman con moderación.
 3. RM. • Se ves **a Elisa**, avisa a seus irmáns.
 - Envía **as invitacións** mañá por correo.
 - Dis que perdiches **o tren** por un minuto?
 4. • pintó**unolo** • entregou**mo** • resolve**ulla**
 - vou**cho** • que **ma** gardaría • poñer**állela**.
 5. RM. • Sempre atopei **nelas** un gran apoio.
 - A nai **del** é italiana. • Os paquetes non **volos** trouxen porque pesaban moito.
 6. • Levéillelos. • Déunos. • Indicoumo mal.
 - Buscoulo.

Unidade 5

Aprendo máis

1. • RM. A Fonsagrada, O Porriño. • Funciona como determinante, concretando ou determinando o significado do substantivo que acompaña.
 - Non, neste caso non é un determinante, senón unha parte do nome propio.
2. • A curmá de Uxía vive no concello **das** Neves.
 - **Na** Estrada hai unha praza cunha rotonda.
 - Xacobe foi pasar a fin de semana con seus avós **á** Mariña.
3. • **Na** China e **no** Xapón (...). • O sari é (...) **da** India. • As ruínas (...) **no** Perú. • O pasado verán (...) **no** Reino Unido. • Fixo unha longa viaxe (...) **no** Canadá, **nos** Estados Unidos e **no** Brasil.
4. Bota / vota; rebelar / revelar; basto / vasto.
5. RM. • Laura calzou unha **bota** de cada cor.
 - Nestas eleccións liria **vota** por primeira vez.
 - Os usuarios do autobús quérense **rebelar** polo cambio de horarios. • Xurxo dixo que me quería **revelar** un segredo. • A alfombra está feita cun tecido moi **basto**. • Hai un **vasto** terreo a carón da casa poboado de castiñeiros.
6. • aqueloutra • esoutra • estoutros • estoutro.

Unidade 6

Aprendo máis

1. • Non. Os posesivos que acompañan nomes de parentesco poden ir precedidos do artigo

ou non levalo. • Se queres vir canda nós, meu neno, terás que bulir. / Seu pai e meu tío son moi amigos.

2. Indica que algo lle pertence a alguén de forma exclusiva. ▶ • Pedro non ten casa **de seu**, vive de alugueiro. • Nesta vila temos biblioteca **de noso**. / Indica que algo é propio ou natural dunha persoa ou cousa. ▶ • Xoana ten moita graza **de seu**, pero hoxe non está animada.
 - A pregunta, **de seu**, non era complicada; pero custounos entendela.
3. • desta ▶ de + esta • naquela ▶ en + aquela
 - nesta ▶ en + esta • daqueles ▶ de + aqueles.
4. • teus ▶ un posuidor • nosa ▶ varios posuidores
 - miñas ▶ un posuidor • voso ▶ varios posuidores.
5. Xeonllo / fábrica / almacén.
6. • area • cortés • recua • páxina.

Unidade 7

Aprendo máis

1. • ...por un número exacto de unidades.
 - «Unha ducia de sobres» refírese a un conxunto de sobres; «o décimo sobre» refírese a un sobre que, dentro dun conxunto, ocupa o décimo lugar. • «Unha ducia de sobres» refírese a un total de doce sobres; «décimo sobre» refírese a un só sobre.
2. • trío • cento • quincena • trintena.
3. terceira / par / dez / sétima / cento.
4. RM. • **Alguén** lle dixo **algo** que o deixou bastante preocupado. • A min non me sirvas caldo, que teño **pouca** fame. • **Ninguén** sabe **nada** de Lucas? Teño **moita** gana de falar con el. / **Alguén** sabe **algo** de Lucas? Teño **moita** gana de falar con el.
5. Ciclope / réptiles / fútbol / olimpíadas / chofer / petróglifo / heroe / atmosfera.

Unidade 8

Aprendo máis

1. • Un adxectivo en grao superlativo expresa unha calidade no seu grao máximo. • Xeralmente fórmase engadindo antes do adxectivo o adverbio *máis* precedido de artigo, ou engadíndolle ao adxectivo a terminación *-ísimo*. Pero hai outros superlativos que son formas procedentes

Solucionario

PROGRAMA DE AMPLIACIÓN

directamente do latín. • máxima, Supremo / mínimas, ínfimas. • paupérrimo ► o máis pobre; celebérrimo ► o máis célebre.

2. Meu pai fregou o chan e deixouno **brillante**. / Preparou unha tarta que mesturaba sabores **doces** (...). / O equipo **local** gañou hoxe (...).
3. 1. Familia de palabras: flor, floreiro, floraría, florecer.
2. Campo léxico: abeto, piñeiro, carballo, castiñeiro.
4. RM. • barcaza, barqueiro, embarcar • barbeiro, barbaría, barbear.
5. • protefina • beirarrúa • egoísmo • ousadía • oleiro • coidado • pediatra • carruaxe.

Unidade 9

Aprendo máis

1. • Cando falamos con alguén que non coñecemos ou cunha persoa maior. • Á segunda, a que temos diante nunha conversa. • En 3.^a persoa de singular e de plural, respectivamente: *vostede quere, vostedes queren*.
2. Benqueridos clientes: Se desexan coñecer as novas ofertas de viaxes, pasen pola nosa axencia. Os cen primeiros conseguirán un fantástico xogo de maletas. Non esperen máis e aproveiten a oportunidade!
3. • librepensador • maraña • hortensia.
4. • pedraría, pedrada, pedregal. • persoal, persoeiro, personalizar. • papelaría, papelame, papeleta.
5. • **é** ► Verbo *ser*. / **e** ► Conxunción. • **ás** ► Extremidades das aves. / **As** ► Artigo. • **só** ► Adverbio. / **so** ► Preposición. • **cómpre**: Presente de *cumprir*. / **Compre**: Imperativo de *comprar*. • **nó**: Lazo / **no**: Contracción de *en + o*.

Unidade 10

Aprendo máis

1. • Ao momento actual, ao pasado e ao futuro. • Consequimos achegar os feitos ao presente. • Consequimos que esas accións parezan máis próximas e seguras. • Na Idade Media **fúndanse** moitas universidades. / Moi ben, Xoana, xa **falamos** a semana que vén.
2. • Rosalía de Castro **naceu** no século XIX. • A semana próxima **tere**i dous exames. • En 1969 o home **chegou** á Lúa.
3. De esquerda a dereita: abridor, abrecartas / crebadizo, crebacabezas / salvamento,

salvavidas / baixeza, baixamar. • En que a palabra derivada se forma a partir dunha única palabra primitiva á que se lle engade algunha partícula (un prefixo, un sufixo...); en cambio, a palabra composta fórmase a partir de dúas palabras primitivas.

4. (...) Que tal estás, amiga? (...) as clases, o grupo de música, algunha excursión (...). Díxome Alberte, o irmán de Antón, que falara contigo (...).

Unidade 11

Aprendo máis

1. • Empregamos a pasiva para destacar o elemento que recibe ou padece a acción expresada polo verbo. • elas son avisadas; ti fuches abandonado; vós fostes readmitidos; eu son querido/a. • A lámpada queimada foi cambiada por Marta. / Aquela película foi vista por moita xente. / O discurso foi pronunciado polo director. / O doente é examinado polo doutor.
2. Deduciu / induciu / introduciu / conduciu / produciu / reproduciu.
3. • pre- + romano • sub- + grupo • sub- + acuático • re- + animar • re- + admitir • intra- + venoso • intra- + muscular • extra- + territorial • extra- + terrestre • anti- + gripal • anti- + roubo.
4. • re- ► Acción repetida. • intra- ► Dentro, no interior de algo. • sub- ► Inferior a algo. • pre- ► Anterior a algo. • extra- ► Fóra, no exterior de algo. • anti- ► Protección contra algo.
5. • A Rosa dásele moi ben o surf; con todo, practícao poucas veces. • O grupo de Xosé ten moitas actuacións: o catorce, na festa de Poulo; o dezasete, na de Muros; e o vinte e cinco, na de Foz.

Unidade 12

Aprendo máis

1. • RM. tranquilo ► tranquilamente / aberto ► abertamente. • O adxectivo **rápido** é variable: *un coche rápido, unha moto rápida, uns camiións rápidos, unhas bicicletas rápidas*. En cambio, o adverbio **rápido** é invariable: *María e Pedro viñeron rápido*.
2. Brais e Mariña acenderon o tablet **xusto** á vez. / Deixa a fiestra **medio** aberta, que vai moita calor. / Fala **baixo**, que meu irmán está durmindo. • Adxectivos. • O feito de que os adverbios, fronte aos adxectivos, son palabras invariables.

3. Deshumanizar, inhumano, inhumanidade, inhumanamente, humanidade, humanizar, humanitario, humanamente, humanismo, humanista.
4. **Infección:** in-fec-ción ► in-fección / infec-ción. **Chafalleiro:** cha-fa-llei-ro ► cha-falleiro / chafa-lleiro / chafallei-ro.
Exemplificar: e-xem-pli-fi-car ► exem-plificar / exempli-ficar / exemplifi-car. **Azalea:** a-za-le-a ► aza-lea. **Transcendencia:** trans-cen-den-cia ► trans-cendencia / transcen-dencia / transcenden-cia. **Ningunha:** nin-gu-nha ► nin-gunha, ningunha. **Abrillantador:** a-bri-llan-ta-dor ► abri-llantador, abri-llan-tador, abri-llanta-dor. **Adiñeirado:** a-di-ñei-ra-do ► adi-ñeirado, adi-ñei-rado, adi-ñeira-do.

Unidade 13

Aprendo máis

1. • RM. Protestar **por** algo ► Algúns pasaxeiros protestaron polo retraso do voo. / Fartarse **de** algo ► Onte na festa fartámonos de comida e de doces. • casar **con**; crer **en**. / • RM. **a:** Convidounos a xantar. Chegamos á casa. Saíches á rúa. / **en:** Metínme en problemas. Converteuse nun heroe. Viven en Rianxo. / **de:** Ríronse da situación. Falamos do problema.
2. –Camiño branco (...). / –Veño do muíño (...). / –Camiño branco (...). / –Veño do muíño (...).
3. • O persoal do restaurante –tres cociñeiros e catro camareiros– foi premiado (...). • As parénteses.
4. • O prezo do menú (dous pratos e mais a sobremesa) era de oito euros. • Dominar tantas linguas (fala galego, castelán, inglés e francés) abriulle moitas portas.

Unidade 14

Aprendo máis

1. • O adxectivo é un complemento frecuente, pero non é o único tipo de complemento que un nome pode levar. / No grupo nominal, o substantivo pode non levar complementos, pode levar só un ou pode levar varios.
2. • Determinante (O) + núcleo (pantalón) + complemento (de raias) + complemento (novo).
• Determinante (Unha) + núcleo (noticia) + complemento (boa). • Determinante (Aquela) + complemento (pequena) + núcleo (aldea) + complemento (de montaña).

3. • cunca **de té** • pozo **profundo** • vestido **verde de verán**.
4. RM. Un home que está a perder o cabelo vai un día á farmacia e preguntalle ao boticario: «Ten algún produto bo para a caída do cabelo?». O farmacéutico entrégalle un frasco e dille: «Claro que si. Probe este e xa verá!». Unha semana máis tarde, o home volve á farmacia, calvo e moi anoxado. Diríxese ao boticario e exclama: «Mire como teño a cabeza!». O farmacéutico responde con tranquilidade: «Home, vostede pediu algo bo para a caída...».
5. Na vila dos avós hai moitas cousas que visitar: a praza, o miradoiro, a fraga.

Unidade 15

Aprendo máis

1. • Ter sentido completo. • Imperativo. / Declarativo.
2. • Carmela, apúntate a natación. • Tes moitos días de vacacións. • Colles o autobús na estación? • Ao final tocouche a ti a viaxe!
3. Mateo é alpinista. / Que sono! / Ánimo! / Non aparcar.
4. Que fame! / En serio? / Que sorte! / De acordo!
5. • Cangas • Terra Chá • Carballo • O Grove • Mugardos • Burela /
• mindoniense • pontecaldelán • carballiñés • rianxeiro • chantadino • estradense.
6. • galo • helena • xermánica • lusitana.

Dirección de arte: Xosé Crespo González.

Proxecto gráfico: Pep Carrió.

Xefa de proxecto: Rosa Marín González.

Coordinación de ilustración: Paula Fernández Seoane e Amparo Tortosa Sanz.

Xefe de desenvolvemento de proxecto: Xavier Tejeda de la Calle.

Desenvolvemento gráfico: Raúl de Andrés González e Jorge Gómez Tobar.

Dirección técnica: Ángel García Encinar.

Coordinación técnica: Ester Marín Otero e Jesús Muela Ramiro.

Confección e montaxe: Ester Marín Otero, Fran Ameixeiras Durán e Jorge Borrego.

Corrección: Xavier Pais Villar e Antón Palacio Sánchez.

© 2014 by Edicións Obradoiro, S. L. / Santillana Educación, S. L.

Entrecercas, 2

15705 Santiago de Compostela

PRINTED IN SPAIN

CP: 466667

EAN: 8431300228054

Esta obra está protexida polas leis de dereitos de autor e a súa propiedade intelectual corresponde a Obradoiro/Santillana. Os usuarios lexítimos da obra soamente están autorizados a facer dela fotocopias para usalas como material da aula. Queda prohibida calquera outra utilización agás os usos permitidos, especialmente aquela que teña finalidades comerciais.